



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DIA 7 DE NOVEMBRO DE 2016.

ASÍSTENTES:

Alcalde-Presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PRAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D^a M^a CONSUELO VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D. JULIA JÁCOME PÉREZ (D.O)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Ausentes:

D. SERAFINA VARELAS (D.O.)

Secretaria Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 19:30 horas do día 7 de novembro 2016 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que existe quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procedese á análise dos puntos da orde do día.



MANIFESTO DÍA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

O sr. Alcalde toma a palabra: Boas tardes a todos e a todas e benvidos ao público tamén e grazas pola súa asistencia. O primeiro punto da orde do día é un manifesto en relación ao día 25 de novembro que é o Día en Contra da Violencia de Xénero. Ten a palabra a señora Concelleira de Igualdade, ten a palabra.

A sra. González toma a palabra (BNG): Boas tardes a todas e a todos. Vou dar lectura ao manifesto para o 25 de novembro. O 25 de novembro é o día internacional para a eliminación de violencia contra as mulleres. Este tipo de violencia é a expresión máis sanguenta da desigualdade entre homes e mulleres existente na nosa sociedade. É un problema universal que nos afecta a todas e a todos e que demostra o fracaso do noso modelo social. Teoricamente aínda que a violencia de xénero é rexeitada dende todos os ámbitos, na práctica segue a ser unha lacra que nos segue golpeando é que ten a súa máxima expresión no feminicidio. O traballo para erradicar a violencia contra as mulleres, comeza por facer visibles todas as formas de violencia, algunhas delas tan normalizadas e cotiás herdadas e impostas pola forza da costume que son difíciles de detectar por parte das propias mulleres pero que seguen a promover a desigualdade e a violencia machista. No que levamos de ano faleceron, neste momento xa, máis de 33 mulleres vítimas desta lacra. Cada unha delas é unha vergoña imperdoable que recae sobre a conciencia do conxunto da sociedade e dos poderes públicos. Loitar contra a violencia de xénero e o feminicidio require medidas específicas que proporcionen ás mulleres elementos de prevención e protección reais, e á sociedade conciencia e cultura política para rexeitar calquera tipo de violencia e particularmente a violencia contra as mulleres. Xa que non parece que na actualidade o feminismo sexa un aliciente fundamental da axenda política. Dende o Concello de Barbadás estamos involucrados e involucradas nesta loita contra a desigualdade e consideramos que o 25 de novembro é un día simbólico. Que a loita contra a violencia machista é necesaria tódolos días do ano polo que nos comprometemos a continuar traballando na igualdade real entre homes e mulleres día a día, convertendo este compromiso nunha prioridade política en tódolos ámbitos da nosa acción de goberno.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

PARTE RESOLUTIVA

1- APROBACIÓN DAS ACTAS DO 04/07/2016, 28/07/2016

O sr. Alcalde toma a palabra: A parte resolutive o primeiro punto corresponde a aprobación das



actas do 4 de xullo, 28 de xullo e do 29 de agosto. Votos a favor?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:
“Aprobación das actas do 04/07/2016, 28/07/2016 e 29/08/2016”

2.- RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AUTOTAXIS.

O sr. Alcalde toma a palabra: O segundo punto da orde do día é a Resolución da alegación da ordenanza municipal do servizo de autotaxis do Concello de Barbadás. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Boa tarde a todos e a todas, ao público especialmente e ao resto de compañeiros da Corporación. Imos a ver, o día 26 de setembro de 2016 o Grupo do Partido Popular de Barbadás, presentou unha alegación sobre a Ordenanza do Servizo de Autotaxis do noso Concello. A alegación era concretamente no título terceiro, dos vehículos, no artigo 9, a imaxe e características dos vehículos onde di “Os vehículos taxis do Concello de Barbadás serán de cor branco”. Fixemos esa alegación para substituíla por o seguinte “Os vehículos taxis do Concello de Barbadás serán do cor branco agás os que con anterioridade á aprobación definitiva desta ordenanza se atopen en servizo e teñan distinta cor” pois entendíamos que si algún das persoas que se adican a darnos este servizo no día a día tiña algún vehículo dunha cor distinta mercado recentemente que non podería saír afectado por esta ordenanza. Esa é en principio a alegación que agradecemos incluso que se houbera estimado. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o Sr. Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Si. Imos votar a favor desta alegación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Algunha intervención adicional para facer algunha precisión sobre esta alegación?

O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Dicir que estamos a favor, que é algo de sentido común e que xa estivemos de acordo no seu momento.

O sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor polo tanto?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo
“Resolución de alegación á Ordenanza municipal do servizo de autotaxis do Concello de Barbadás: Título III- Dos vehículos. Artigo 9. imaxe e características dos vehículos: Os vehículos taxis do Concello de Barbadás serán de cor branco, agás os que con anterioridade á



aprobación definitiva desta ordenanza se atopen en servizo e teñan distinta cor”

3.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AUTOTAXI.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao punto terceiro que é a Aprobación definitiva da Ordenanza municipal do servizo de Autotaxis de Barbadás. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Unha vez incorporada a alegación do Partido Popular e aprobada no punto anterior, procede a aprobación definitiva da Ordenanza como figuraba no pleno do mes de setembro deste mesmo ano coa modificación dese artigo 9, do título 3.

O sr. Alcalde toma a palabra: Polo tanto, votos a favor?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Aprobación definitiva da Ordenanza municipal do servizo de autotaxis do Concello de Barbadás”**

4.- DECLARACIÓN DE COMPATIBILIDADE DE EVA BENITA DORADO ANDRADE.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao punto 4 que fala da declaración de compatibilidade de Eva Benita Dorado Andrade. Supoño que todos vostedes viron o informe elaborado pola Secretaria Xeral do Concello no que se chega a unha serie de conclusións despois de expor a situación legal que concorre neste caso. Hai que cumprir unha serie de requisitos para poder conceder esta compatibilidade. O feito de que se conceda a compatibilidade non quere dicir que se faga o uso dela, é simplemente recoñecer un posible dereito para exercer esa actividade. Non sei si a señora Secretaria quere facer algunha aclaración. Algunha cuestión por parte dos diversos Grupos. Ramón? Julia? Nada? Pois visto o informe sométese a votación. Votos a favor?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Declaración de compatibilidade de Eva Benita Dorado Andrade”**

5.- PROTOCOLO MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN, DETECCIÓN E ACTUACIÓN ANTE CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

O sr. Alcalde toma a palabra: Punto Quinto, fai referencia ao Protocolo Municipal para a protección detección e actuación ante casos de violencia de xénero. Ten a palabra a señora Concelleira.

A sra. González toma a palabra: Ao protocolo non lle vou dar lectura agora porque é un protocolo,



ten varias páxinas. Eu supoño que todos os dos diferentes Grupos xa o leron, e vou facer unha defensa de carácter político e feminista. Durante anos, décadas e séculos as mulleres foron maltratadas, foron violadas, foron asasinadas baixo o silencio e complicidade do seu entorno social as leis e a cultura imperante. Maltratos, violacións e asasinatos tildados de privados e domésticos que levaron ás mulleres a morrer invisibilizadas, silenciadas e mudas e case sempre enxuizadas amparándose en códigos de honra, ciumes ou relatos de posesión e control duns códigos de amor mal entendidos. O esforzo dos colectivos de mulleres feministas ten lugar a que do ámbito doméstico se pasaxe ao ámbito público, e que do ámbito de parella se pasase ao ámbito social, ampliándose o concepto á violencia económica, sexual, de acoso ou de trata de mulleres e nenas. Así a violencia contra a muller empezou a nomearse na rúa, nas institucións chegando incluso a ser definida e lexislada. Aínda así está claro que algo falla cando a pesar de ser rexeitada desde todos os ámbitos, a lacra do feminicidio máximo exponente da violencia contra as mulleres segue estando presente case a diario nunha sociedade que adica moitos minutos de silencio e poucos medios a erradicala. Aínda hoxe viña no xornal, e nas redes sociais, unha noticia bastante triste no sentido de que en Lugo a raíz de que hai un violador, se lles pide ás mulleres que non salgan de noite da casa. En Barbadás, non somos alleos nin alleas a esta situación, e temos a responsabilidade de articular medidas que contribúan á prevención e erradicación da violencia contra as mulleres en todas as súas facianas. Desde a violencias máis sutís case normalizadas que sustentan maneiras de cosificar ás mulleres de controlalas e de normalizar as desigualdades a través da análise, o debate, a formación, a educación e a implementación de ferramentas e métodos para sensibilizar, visibilizar, educar, que nos leven a previr transformando modelos sociais androcéntricos en modelos igualitarios. Penso que iso si sería algo revolucionario. Pero tamén en detectar a tempo os síntomas dunha situación de violencia e tomar as medidas correctoras necesarias para illar a situación e superala antes de que chegue á agresión ou asasinato o feminicidio. Un primeiro paso para que isto sexa así é establecendo un marco de actuación multidisciplinar tendo en conta os diferentes axentes implicados, a coordinación entre eles e as competencias de cada un deles e de todos eles no seu conxunto. Este ven a ser o obxectivo primeiro deste protocolo de actuación. Tal e como aparece recollido no mesmo, no grupo de traballo están representados o ámbito sanitario, o ámbito policial o ámbito social, o ámbito educativo o técnico, o seren este os que aquí neste momento, no Concello de Barbadás poden actuar nun xeito máis inmediato e derivar o caso si é necesario a outras instancias. Comezamos a camiñar así cara o eido da prevención e da detección, cun protocolo consensuado con todos os profesionais implicados e co



compromiso de promover a súa implementación, pero tamén a súa revisión e actualización profundizando na súa mellora, e na busca de solucións e alternativas para a protección e recuperación das vítimas. Como Concelleira de Igualdade traio ao Pleno este protocolo para que sexa aprobado, pero tamén coa intención de que todos os Grupos Políticos acheguen o seu grao de area e no momento que sexa necesario ou conveniente ou agora mesmo o amparen e no momento conveniente aporten as medidas que consideren oportunas de cara a poder melloralo co tempo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Simplemente dicir que toda a vez que se contratou por parte do Concello unha persoa para traballar pola igualdade consideramos necesario e positivo que exista un protocolo de actuación nos casos de violencia de xénero. Todo o que se faga neste eido é pouco, para erradicar dunha vez por todas esta praga que afecta a tantas persoas. Gustaríanos que este protocolo non tivera que poñerse en marcha nunca, pero si é así desexamos que funcione da maneira máis eficiente posible. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Julia. Non? O voceiro ou voceira do Partido Popular ten a palabra.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a todos e a todas. Nós cando vimos o noso Grupo o protocolo municipal para prevención, detección, actuación ante casos de violencia de xénero, estábamos a favor, puxémonos a lelo e xa nos chamou a atención ver que era a Concellería de Igualdade. Estamos de acordo en que hai unha persoa que se contratou que é a Técnico de Igualdade e ten que xustificar o seu traballo. De todas maneiras o que vamos a dicirlle á Concelleira de Igualdade que a guía práctica hai que lela para facer unha mesa de traballo. Nós traemos aquí a guía práctica para constitución das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero. Isto está publicado na Xunta de Galicia onde aquí a primeira persoa que falta xa neste protocolo, creo que non sé se o sabe e que sabemos que non asistiu a ningunha desas dúas reunións que vostedes tiveron de traballo. Porque vostede pídenos que poñamos o noso granito de arena, claro que o podemos pór, pero se se fan os traballos como se teñen que facer e as mesas de traballo. A composición dunha mesa local para facer este tipo de protocolos ten que encabezarse polo Alcalde, o Alcalde é o xefe de seguridade neste momento o señor Alcalde, o señor Valcárcel, de Barbadás. Non sei se vostede o sabe cando hai a Xunta de seguridade el é a persoa que preside esa Xunta local e nesta composición da mesa falta o Alcalde, unha das persoas. Despois o técnico da Concellería, o Concelleiro competente, a Policía Local que si sabemos que estivo, as forzas e corpos de seguridade do Estado, vamos a ver



vostede non sei se sabe que os protocolos, aquí se unha persoa ten un problema de violencia de xénero, a Policía Local pode actuar no momento pero ten que derivalo porque non temos nin espacio para poder atender a esa persoa, si se pode loxicamente os primeiros en actuar, podería ser a Policía Local aquí, oxalá que nunca pase en Barbadás, pero si pasa temos que desviala para que a atención sexa o máis adecuada posible, e vostede sabe que Barbadás non temos o punto de información e de atención á muller, que está en Ourense, teno O Carballino, teno Celanova, teno Verín, pero Barbadás non o ten, témolo que derivar a Ourense. Si podería como digo e que quede claro, que si a Policía Local podería actuar pero para iso xa hai uns protocolos, xa como vemos que a composición da mesa non e a adecuada, o que si tería que dar é un marco legal, por iso queremos puntualizar, que a votación deste punto, ollo co que se fai, porque o marco legal non sabemos se está ou non está, é dicir, a composición non é adecuada porque non está o presidente neste caso de seguridade é o Alcalde, xa non estivo nesas dúas reunións. Despois, os borradores desas dúas reunións, por así dicilo desas mesas, tampouco se pasaron a Pleno. Fíxose un protocolo que sinceramente eu isto paseino a igualdade, vale, dixéronme se é un borrador, e díxenlle que non, que é un protocolo que se vai a levar hoxe a Pleno. Contestación, pensaron que era un borrador. Segundo, eu non sei se vostede sabe que hai unha guía técnica, eu todo isto saqueino da páxina da, fíxome traballar esta fin de semana, que o saiba, pero vostede dixo que aquí non teríamos, que era pioneiro, na Xunta, na Comisión informativa que tivemos o xoves que era pioneiro. Mire, eu non sei se coñece o plan de Igualdade que se fixo mentres o Partido Popular estaba gobernando. O Plan de Igualdade no punto Loitando, ven o de violencia de xénero, está colgado na web para que todo o mundo o poida ver. Isto no é pioneiro. Mire aquí cando pasaba algo, que non pasou grazas a Deus, mentres estivemos gobernando e oxalá que non pase estando vostedes, hai uns protocolos xa marcados, ou sexa, isto, o protocolo que vostedes fixeron, voulle a dicir, non serve de nada e voulle explicar por que. Na Guía Técnica dinos, o Corpo de Seguridade ten un protocolo estrito, que non poden facer caso ao que vostede pon aquí. Automaticamente ten que dirixirse polo protocolo que lles marca a Xunta de Galicia. Educación, vostede sábeo, teríao que saber, como profesora e non o digo porque queda mal agora, Educación ten un protocolo que marca a Xunta.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vaia rematando señora Chelo.

A sra. Vispo toma a palabra: Sigo na seguinte. Todo o que vostede pon aquí os ámbitos locais que teñen os seu protocolos que lle marca a Xunta, entón o que vostede está dicindo neste protocolo claro que o ten que facer, porque ten que xustificar á Técnico de Igualdade pero que saiba que está todo



feito. Continúo despois.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra vostede si, ten tres minutos. Cada unha das seguintes intervencións son tres minutos.

A sra. González toma a palabra: Perdoa Chelo Vispo, vostede si que ten que xustificar porque non fixeron nada anteriormente. Ten un plan de Igualdade feito efectivamente desde fai anos, absolutamente teórico contratado a unha empresa nunca revisado e baixo que nunca se fixo absolutamente nada no Concello de Barbadás, si dona Chelo, ata o punto de que primeiro eu desde a oposición, aquí en Barbadás non existe un punto de información á muller porque na época do bipartito, cando se empezaron a poñer en marcha os puntos de información á muller e centros de información á muller, en moitos Plenos nos que estiven eu e defendín a posibilidade de podelos solicitar para Barbadás nunca se solicitou para Barbadás, nunca, por iso aquí non houbo un punto de información á muller si dona Chelo, iso en primeiro lugar. En segundo lugar, efectivamente a violencia de xénero é algo que por suposto solo faltaría, que a Xunta non tivera os seus propios protocolos, por suposto, a Xunta de Galicia, por suposto que sabemos que a Policía Local, como no ámbito sanitario, como no ámbito educativo, ailladamente con respecto á Xunta, cada un ten os seus protocolos, outra cousa é que en Barbadás non exista un protocolo de detección e prevención. Non existiu nunca. Entón, non existiu nunca. Voulle dicir, aquí trátase dun aspecto fundamental, é previlo e evitalo antes de que ocorra. Non á vez que chegue. Unha vez que chegue xa sabemos que o temos que derivar porque desgraciadamente aquí non hai CIM, aquí non hai xulgado de violencia contra a muller, aquí non hai un equipo multidisciplinar para atender ás vítimas, aquí en Barbadás non o hai. Efectivamente, e temos Ourense ao lado e derivanse a Ourense, efectivamente. Pero si hai dous centros públicos nos que hai nenos e nenas, que se poden detectar e que pode haber sospeitas e que se poden poñer rapidamente en coñecemento do pediatra ou dos servizos sociais ou do educador familiar, e un pouco se trata diso, de poñer en contacto a tódolos axentes sociais que hai en Barbadás e que están influíndo dun xeito claro sobre os diversos ámbitos sociais, educativo, sanitario, etc, etc. e de aí este protocolo, e voulle dicir máis, nas reunións que se fixeron cada unha das persoas que estaban alí representadas, manifestaron a súa satisfacción de que se puxeran en marcha, de que houbera esas reunións e de que houbera unha coordinación clara coñecéndose uns aos outros e podendo comunicarse dun xeito máis ou menos rápido e inmediato, vale? Porque non poden funcionar ailladamente tampouco no Concello, e asegúrolle que si vale, si vale, fundamentalmente para a prevención que é o que vostedes non entenden que a violencia de xénero é o último punto, é a cúspide



dun sistema social patriarcal, que é o que hai que erradicar, e que é o que sustenta esa violencia de xénero.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Sr. Ramón Padrón?

O sr. Padrón toma a palabra: Ben. Nós queríamos dicir que pensábamos que neste punto non ía a haber discusións políticas pero ao parecer si que as hai, é unha pena. Dicir que nós tamén miramos durante o fin de semana ou antes este tema e claro que vemos moitas cousas que, pero das que non é necesario falar. Está claro que non temos competencias en moitas das situacións que se poñen no protocolo, que está claro que a Xunta ten un protocolo por encima noso, solo faltaría, como dixo a señora Ánxela, o que pasa é que decidimos non poñer en cuestión esas cousas porque xa son de sentido común e si valorizar de que o máis importante disto é que se poña en contacto ás persoas que realmente poden intervir neste tema. Aparte de todos nós está claro, pero as persoas que teñen responsabilidade tanto pública como médica, como de seguridade e como todo iso. Entón parécenos positivo por ese tema, non imos a entrar agora en discusións si vai o Alcalde ou vai a Concelleira ou vai quen vai, o que vai é o responsable e que está traballando tódolos días nese tema. Entón miramos iso en positivo. Queremos dicir que tamén miramos outras cuestións pero que non nos parecen importantes nese tema.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Julia? Nada. Señora Chelo Vispo.

A sra. Vispo toma a palabra: Sr. Padrón, claro que a violencia de xénero no é nada discutible, pero as cousas hai que facelas ben. Aquí o que se fai é un protocolo que non serve para nada, porque todos teñen un protocolo por encima que hai que cumprir. Vamos a ver, Plan Proxecta, ¿sabes o que é Ánxela? ¿Sabes o que é o Plan Proxecta?

O sr. Alcalde toma a palabra: Non estamos nun debate. O debate xa se realiza entre as partes cando teñen a quenda de palabra. Despois si quere pódelle facer preguntas e serán respondidas conforme ao criterio que se considere.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a ver. O marco legal que dicíamos do protocolo é porque non temos ningún informe de secretaría destas reunións, en primeiro lugar, o Xefe de Seguridade non estaba presente, logo todas esas mesas de traballo e esas persoas que vostede puxo en contacto, xa están en contacto entre elas, non se preocupe, e despois cando hai un problema en educación, que vostede se basea en educación, en detección, a Xunta puxo en funcionamento este ano, os 365 días, de respecto, igualdade, prevención da violencia de xénero no ámbito educativo, pódeno ver na páxina da Xunta porque me vai a cortar o tempo o señor Alcalde entón pódeno ver. Isto xa está programado a



través da Xunta e teñen un programa para detectalo. Non é vostede a pioneira en todo isto. Nós non estamos en contra disto, que quede moi claro á cidadanía, que non estamos en contra, pero si ben feito. Pódense facer guías. Sabe que se fixo una guía de embarazo, nós si fixemos cousas, unha guía sobre embarazo, o plan de igualdade, que vostede di que o fixo unha empresa externa, perdoe, pero aí si que houbo unha mesa de traballo onde estaban esas persoas que vostede estaba dicindo nas súas, tamén as puxemos en contacto, e o pode vostede preguntar, ¿vale?. Pode preguntar ás orientadoras dos colexios ou a quen queira vostede, despois cando hai un problema en educación, teñen que pasalo a Inspección e se abre un expediente, cando hai un problema en sanidade, ábrese un expediente, hai protocolos xa normalizados que non poden acceder a este, teñen que acollerse, eu no sei como quere que llo explique. Se vostede fai unha guía para a violencia de xénero cos teléfonos, cos puntos de atención a onde pode dirixirse, estaríamos favorecendo iso moito máis que un plan de prevención que xa está feito, eu é o que quero que entendan, que nós non estamos en contra dese plan, pero o marco legal non está nese protocolo que vostedes fixeron, tiveron dúas únicas reunións. ¿Vostede cree que en dúas únicas reunións faise este protocolo? Non, porque en primeiro lugar faltaba xente nesas reunións, ¿vale?, e si sei o que se falou nesas reunións, e non o vou a dicir agora aquí, que alguén le dixo que o marco legal non estaba, e que tería que estar, entón á hora de votar, ollo porque isto realmente non é así, non é así e cando queira podemos falar con Igualdade e llo vai dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non corresponde.

A sra. Vispo toma a palabra : Non pode contestarme.

O sr. Alcalde toma a palabra: Hai dúas quendas de intervención. Señora Chelo dicirille que non lle vou cortar a palabra. Vostede utilizou a frase de que o señor Alcalde lle vai cortar a palabra. Dixo de tempo, non lle vou cortar o tempo. Ela dispuxo dun tempo, vostede dispón doutro tempo que está ademais recollido nun regulamento que aínda aprobamos a súa modificación o outro día. Votos a favor deste protocolo. Abstencións?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e as abstencións do PP o seguinte acordo: **“Protocolo Municipal para a prevención, detección e actuación ante casos de violencia de xénero”**.

6.- SOLICITUDE DE INCLUSIÓN PROVINCIAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS.

O sr. Alcalde toma a palabra Solicitud de inclusión provincial no Plan Provincial de Cooperación



ás Obras e Servizos Municipais e da rede viaria provincial correspondente ao exercicio 2017. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Boas tardes a todas e a todos. A solicitude que vai facer o Concello de Barbadás para os Plans Provinciais para o vindeiro ano, son por un importe de 55.000 €. Consiste no afirmado do Camiño de Lois Sabúz de 235 metros de lonxitude en Barbadás, e a mellora do camiño Laranxeiro duns 30 metros tamén en Barbadás. Como obras complementarias propóñense tamén por valor de 55.000 € a pavimentación do camiño do Cruceiro en Piñor. Precisar que os Plans Provinciais distribúen os investimentos a través de dúas vías, unha delas é a obras de mellora e conservación da rede viaria de titularidade da Deputación Provincial e outro é investimentos en obras de competencia municipal como é o caso, preferentemente, repito, preferentemente, as necesarias para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios, enumerado no artigo 26 da Lei de Base 785 de Réxime Local, que como todos sabemos ou deberíamos saber son alumeadado público, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas, e nos municipios de máis de 5.000 habitantes, parques públicos, biblioteca e tratamento de residuos. A inclusión do afirmado do Camiño Lois Sabúz e do Camiño Laranxeiro ámbolos dous en Barbadás pobo, obedecen a unha necesidade perentoria de actuar nestes viarios. Un dos motivos principais é garantir a seguridade viaria debido a que hai dous muros en mal estado, outro dos motivos por o que se elixiron estes camiños é para facer máis segura e cómoda a circulación dos vehículos no caso do camiño Lois Sabúz e no Camiño do Laranxeiro preténdese asegurar o paso de persoas e reafirmar un muro que está en perigo de derrube. Como obra complementaria inclúe si o Camiño do Cruceiro en Piñor por ser este un dos poucos viarios que quedan sen pavimentar nun municipio que comunica dous barrios, A Pipileira e Ousande, e tamén está englobado no ámbito da pavimentación das vías públicas e tamén no acceso aos núcleos de poboación. Precisamente para atender á prestación de servizos municipais obrigatorios o Concello de Barbadás ten en carteira outros proxectos urxentes necesarios e prioritarios como poden ser a mellora na rede de saneamento da Avenida de Celanova, no tramo comprendido entre a rúa das Burgas, é o número 97, xa temos un proxecto que temos aquí a disposición da oposición por si o quere consultar. A situación da veciñanza nesta zona, vostedes que estiveron no goberno membros do Partido Popular, coñécena, é preocupante, porque o non producirse unha renovación da rede de saneamento, este tramo atópase permanentemente en carga, é a terminoloxía técnica que se utiliza, debido a que en varios tramos non existe colector e a auga discorre directamente polo terreo coas



graves consecuencias de tipo sanitario que isto supón. Esta obra está estimada nuns 65.000 €, e non se puido incluír, entre unha das razóns porque considerábase máis prioritaria a outra e adaptábase mellor ao presuposto, pero evidentemente é outra obra que temos previsto acometer e que ademais a lei nos obriga a acometer. Tamén se adaptan a obras e incluír Plan Provincial, a rehabilitación superficial do firme da Avenida de Celanova entre a Rúa do Outeiro, número 17, por un valor de 62.000 €. Tamén pretendemos efectuar o proxecto de mellora da rede de abastecemento en San Bieito, que é un servizo básico que a Lei nos obriga a prestar e que esta veciñanza carece da presión necesaria para ter na billa o líquido elemento. E tamén temos en carteira a instalación da rede de saneamento da Rúa Outeiriño en Sobrado, recentemente a Xunta rexeitaba un proxecto presentado por este Concello para levar a cabo a execución da instalación da rede de saneamento, tendo en conta que a veciñanza desta zona non dispón a día de hoxe dun servizo básico, esta obra está valorada en 39.000 €. Con este abano de servizos básicos e infraestruturas necesarias tivemos moi complicado cal elixíamos nos Plans Provinciais. Por contía como dixen antes e por un criterio de prioridade determinouse o afirmado dos Camiños Eloy Sabúz e o arranxo no Camiño do Laranxeiro, un proxecto que contemplará tamén a reconstrución de muros de contención.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Dikir que como foi o tema do ano pasado co camiño da Lucinda, estamos de acordo que se inclúan estas dúas obras, pois son obras que necesitan unha actuación preferente pola súa gravidade para o tránsito de persoas e vehículos. Lembrar que o Concello está para arranxar os viarios e mellorar os viarios para o tránsito en condicións dos contribuíntes que pagan os seus impostos. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Dona Julia? O voceiro ou voceira do Partido Popular ten a palabra.

A sra. Vispo toma a palabra: Xa me contestou vostede señora Victoria Morenza nas Comisións que vostedes, nós hoxe para que o público o saiba traemos unha moción para o arranxo da antiga escola de Sobrado e, fixemos unha emenda que traemos hoxe aquí que logo a miña compañeira desenvolverá para se incluíra no Plan Provincial e vostede xa me contestou o outro día que son vostedes os que elixen as obras, loxicamente están gobernando e para iso, pero, entendo que hoxe hai prioridades neste Concello, vostedes elixiron esas, é a súa opinión, loxicamente se nós estivéramos gobernando serían outras. porque vostedes, vou a empezar a traer actas de Plenos anteriores cando vostedes estaban na oposición onde reclamaban unha serie de obras que en ningún momento desde que levan un ano e



medio gobernando trouxéronse este Pleno, nin con modificacións de crédito nin sen modificacións de crédito. Entón o que non entendemos, a ver como lles explican vostedes aos veciños de Sobrado, que a antiga escola onde agora mesmo está unha coral desenvolvendo a súa actividade, pois en calquera momento lle pode caer o tellado, pódelle chover, entón o que non entendo que sexa prioridade. O saneamento de A Valenzá e o saneamento de Loiro, ¿non son prioridade neste Concello? Pois eu creo que empezando por aí, o que pasa que do remanente que había de Tesourería exactamente, no sei canto queda pero creo que vostedes como hai diñeiro a mansalva gastáronse en arranxar camiños que realmente benefician a X persoas con nomes e apelidos que todos sabemos en algúns dos casos a quen pertence e a quen se arriman, e iso é o que están vostedes arranxando. Porque despois a veciñanza que realmente é un conxunto de persoas, en A Valenzá, en Loiro, en Barbadás ou en Sobrado non importa, o que hai que arranxar, son, me chaman de aquí, pois vamos a cortar a árbore porque agora mesmo chámanme e teño que ir a cortar a árbore, é que non sei se saben aquí as persoas que nos acompañan hoxe, que poden velo vostedes mesmos, a poda de árbores este ano é, si, non, non, si, pero, poden ver que se chaman desde, vou a abrir X comercio, non vou a poñer nomes que é moi feo, si pedíume que lle a árbores e que llo podase, vou alí, onde están os establecementos que máis problemas teñen, vamos a cortar, vamos a ver, isto é unha vergonza, entón, o que din as persoas, non, é que agora mándanos para aquí, os técnicos os pobres din, mándanos para aquí, mándanos para alá, segundo van chamando ao Concello, iso é como traballan vostedes, a golpe de impulso, teñen a todo o mundo tolo, a toco o mundo, aos traballadores do Concello en todos os servizos, antes dicíame Ánxela, non pedín a oficina de atención á muller, e vostede que leva ano e medio que fixo, ¿bótame a min en cara? Eu non levaba ese departamento, entón vostede leva ano e medio.

A sra. Vispo toma a palabra: Non me pode contestar, ten que escoitarme, ¿vale?

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, prosiga por favor.

A sra. Vispo toma a palabra: É que podo seguir, ou sexa, en todos os servizos hai problemas, en todos van a golpe de impulsos vamos facendo aquí, temos que dicir, pois hai unha Técnico de Igualdade, vamos a sacar isto, vamos a sacar o outro. Vostedes fan os camiños para...A ver, ¿o arranxo deses camiños a quen beneficia señora Morenza? Non será mellor beneficiar a un grupo de persoas maioritariamente que ten un problema hoxe no saneamento. Eu sinceramente, noso grupo político, o que vostede dixo o outro día, pois somos nós os que poñemos, claro que si, pero tamén que vamos a sacar un informe de todos os beneficios que teñen as obras que fixeron tamén, iso desde logo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Ten a palabra vostede señora



Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas. Vostede falaba de que nós na oposición reclamábamos obras que agora non facemos, moitas delas non as facemos porque non temos os terreos porque vostedes dilapidaron todos os terreos que quedaban. Non nos deixaron terreos para facer un centro de día, onde quere que o fagamos, facémolo no aire, construímos un centro de día no aire, un centro de día que vostedes estiveron 28 anos para facer. Pero nós hoxe estamos falando de Plans Provinciais, do saneamento na Avenida de Celanova que lle foi reclamado polos veciños e que agora segue sendo reclamado polos veciños e que está valorado en 62.000 €, e que lle vamos pedir por suposto, apoio, o seu apoio como Deputada de Infraestruturas na Deputación, e vamos pedir, e temos entre as nosas prioridades servizos básicos que temos que prestar porque son básicos, o saneamento, abastecemento, xa lle lín antes a enumeración dos servizos que un Concello ten a obrigaón de prestar por Lei, a ampliación da rede de saneamento na Rúa Outeiriño, un barrio castigado politicamente durante anos, politicamente, non se levou o saneamento porque determinadas persoas vivían alí, iso sabeo todo o mundo. Levar a auga as redes de abastecemento en San Bieito, por favor, sitios que non teñen auga en pleno século XXI, e por suposto a rehabilitación superficial do firme da avenida de Celanova que vostedes tiñan previsto acometer pero polo visto non lles deu tempo, non tiveron tempo, non lles deu tempo en 28 anos. Evidentemente prestamos servizos básicos e afirmamos camiños que están en terra, camiños en terra que vostedes castigaron porque determinadas persoas vivían alí. Nós prestamos servizos a todo o mundo por igual independentemente da súa adscrición política, facémolo día a día. E do outro tema, non me misture allos con cebolas porque estamos falando dos Plans Provinciais, a política é algo serio, e eso á lugar no apartado de rogos e preguntas, e teño resposta.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Ramón Padrón, ten vostede a palabra.

O sr. Padrón toma a palabra: Volver repetir como foi o ano pasado no tema dos Plan Provinciais que se puxo o camiño da Lucinda que era unha obra que querían os veciños do Fonsillón e está hoxe rematada, estas dúas obras que se piden para o Plan Provincial pois parécenos lóxico que se executen e nada máis. Outro tipo de obras pois tamén pediremos que se axilicen para que os veciños teñan os seus servizos básicos, que iso é tamén o primordial que debe dar o Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Julia? Non. Dona Chelo Vispo, ten agora vostede tres minutos.

A sra. Vispo toma a palabra: Señora Victoria Morenza, vouno deixar aí. A política claro que é seria,



pero o que vostedes como Grupo de Goberno están facendo non é nada serio, pero nada serio. ¿Vostede por que non lle explica que o Grupo Popular deixoulle nun caixón un millón e pico de euros para gastar e que é moi fácil agora mesmo vender á cidadanía que todos os camiños de terra os vamos a asfaltar e todo?. Si claro faga así coa cabeza, pero é que nós non podemos facer nada diso. ¡Non! e todo o que vostedes reclamaban, ¿que Centro de Día?, ¿que Centro de Día lle estou dicindo eu?, eu non estou dicindo o Centro de Día, lle estou dicindo o saneamento de Loiro, que vostedes tanto reclamaron, lle estou dicindo o saneamento de A Valenzá, estoulle dicindo outra serie de ... pois arranxar todo o acceso dos Patos ao Campo de Fútbol para poñer as vallas, para a iluminaria, as beirarrúas, ¿quere que siga? Non, o que vostedes fan é a política de pintar as vallas de color vermello, que hasta por favor, ou sexa, eu creo que a cidadanía se rin de vostedes cando ven un banco pintado de vermello. ¿Isto que política seria é? vostede me está dicindo a min, e despois vostede pertence ao Grupo de Goberno que me di “a política é seria”. ¿Sabe vostede o que está pasando en xuventude? ¿Sabe vostede o que está pasando na gardería? Creo que el mércores o señor. Sarín que está aí sentado, político serio, vai a ter que ir a coidar aos niños e lles fixo firmar unha carta de recoñecemento aos pais que o mércores se pecha a gardería. Vamos a ver hai unha lista de contratación, contraten ou vaian ou fagan o que sexa, pero moitos pais como vostede non reclamaba no seu tempo, non sei se o lembra un político serio como di que vostedes son serios, ¿que van a facer os pais o mércores?. Sabe que a vostede lle reclamaron un montón de pais e do seu grupo político tamén, que tamén o sei, entende, enteránomos de todo. Despois en Xuventude que queren facer, ¿as estrelas independentistas debuxadas nunha bandeira? Que se entere todo o mundo, home ¡que vergonza! isto é unha política seria? ¿é un político? , nós puxemos algunha vez unha gaivota?, home, por favor!

O sr. Alcalde toma a palabra: Sarín Por favor.

A sra. Vispo toma a palabra: Non me pode responder. Xa lle vou a contestar eu en vez do señor Alcalde, ¿isto se chama política seria? home por favor, e despois máis cousas que lle direi máis adiante. ¿Vale? de serio nada. É que xa me cabreo eu soa. Vamos a ver con diñeiro é moi fácil venderlle á xente ¿vale? pero o que é difícil traballar durante oito anos, e falamos persoas das que estamos aquí sentadas sacar un polideportivo que está funcionando ao cen por cen, seguir coas escolas e facer todo lo de educación. ¿Que venden vostedes de educación e protocolos nin nada? Aquí todos os servizos de educación quedaron feitos, e vostedes estanos mantendo señora Marga. Política seria fixémola nós durante 8 anos sen diñeiro e facendo todos os servizos para que isto seguira



funcionando, e a veces estando alí, ata as 10 da noite para poder sacar adiante todo o que se estaba facendo. Con críticas de vostedes que agora mesmo, a cidadanía, vamos a empezar a traer as actas, que xa lle traio agora algunhas, que algún se vai a quedar coa cara a cadros cando siga despois. Grazas

O sr. Alcalde toma a palabra: Remate señora Chelo. Facerlle dúas matizacións a señora Chelo. Primeiro, sen diñeiro non é certo. Creo que rematou a quenda de intervención e eu podo pechar o debate, que está estipulado así. Sen diñeiro non porque vostedes tiveron un remanente de 800.000 € e todo ía a arranxar unha simple estrada de aquí de Barbadás, practicamente. Había algún outro parque engadido. Polo tanto vostede agora non diga certas cousas. Porque vostedes todo, todo, todo, señora Chelo estou intervindo eu, non interrompín a ninguén. Rectifico, boa parte ou a maior parte do orzamento do remanente... señora Chelo eu non interrompo, ía destinado ao arranxo dunha estrada e a construción dunha ponte. Sen diñeiro, insisto vostedes tiveron diñeiro e non o fixeron, é dicir tamén unha cuestión, si hai remanente é porque vostedes xestionaron mal. Os presupostos, os orzamentos están para ser gastados no ano en que se elaboran. Non digo máis. Vostedes sobráballe o diñeiro porque non o gastaban, nin máis nin menos. Moitas grazas. Votos a favor? Abstencións? Gracias.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e as abstencións PP: **“Solicitud de inclusión Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial correspondente ao exercicio 2017”**

7.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VERQUIDOS DE AUGAS RESIDUAIS DE CALQUERA CLASE.

O sr. Alcalde toma a palabra: O sétimo punto da Orde do Día é a aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de verquidos de auga residuais de calquera clase. Ten o señor Tenente Alcalde a palabra.

O sr. Fírvida toma a palabra. Esta proposta emana de unha responsabilidade que ten o Concello de facer cumprir coa estabilidade orzamentaria do Concello e polo tanto o servizo de saneamento que vai en este punto e do de abastecemento que vai no punto seguinte, vaise ver modificada as taxas que pagamos ás empresas concesionarias actualizándoa ao IPC interanual, é dicir ao IPC que vai desde setembro do ano 2015 a setembro do ano 2016. Polo tanto iso tamén hai que repercutilo nas taxas que paga a veciñanza e por eso se aplica sempre o valor do IPC que se marca desde o Instituto Nacional de



Galiza, que no caso do ano 15-16 é do 0.2% por tanto tanto as taxas de saneamento como as taxas de abastecemento van a ter un incremento do 0.2%.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Ramón Padrón? Sra. Julia? Voceiro ou voceira do PP.

A sra. Vispo toma a palabra: En colación ao que vostede dixo fai 5 minutos como teño a miña quenda de palabra, voulle a demostrar á cidadanía, vou a traer os proxectos, aparte están abaixo en urbanismo, e son públicos, entón aí se ía a arranxar unha estrada, como vostede ben dí, e unha ponte.

O sr. Alcalde toma a palabra: Está na súa quenda de palabra.

A sra. Vispo toma a palabra: Eu podo falar o que queira.

O sr. Alcalde toma a palabra: Faga a aclaración que corresponda, pero despois debe cinguirse a iso. señora Chelo.

A sra. Vispo toma a palabra: Estou falando eu., pero ti non me podes chamar a atención a min.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo vostede ao final do Pleno faga vostedes as aclaracións que queira.

O sr. Padrón toma a palabra: Vostede chamoume a min a atención, a ela non.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo. No apartado de rogos e preguntas, pode vostede facer as apreciacións, consideracións e opinións que queira facer. Prosiga por favor.

A sra. Vispo toma a palabra : Teño a miña de palabra.

O sr. Alcalde toma a palabra: Si, si, está no seu uso aínda.

A sra. Vispo toma a palabra: Vale. No sen uso non. Todo isto me revirte a min.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vai transcorrendo un minuto e catorce. Voulo poñer en cero.

A sra. Vispo toma a palabra: Só quero que a cidadanía, como gracias a Deus os Plenos grávanse, só quero que a cidadanía saiba o que é estar na oposición e o que é estar no grupo de goberno. Isto que é a memoria de alcaldía o que é a subida do IPC, vou a ler dúas actas do 2013 e 2014 do que dicía o BNG e o Partido Socialista a algo que realmente se aproba sen máis, e vostedes o que facía, vano a oír, porque quero que lo oian os cidadáns ¿vale? porque logo voulle a preguntar ao señor Alcalde, agora que está vostede gobernando igual que o señor Fírvida, ¿por que non o modifican? Cando o pediron no 2013 e no 2014.

O sr. Alcalde toma a palabra: Terá cumprida resposta a ese tema.

A sra. Vispo toma a palabra: Vale. Non me interrompa por favor. Estou falando eu.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois si ten razón.



A sra. Vispo toma a palabra: Vale. “Aprobación inicial de modificación da taxa de auga ata novembro de 2013. Señor Fírvida toma a palabra, O Bloque nacionalista Galego vai votar en contra a pesar de que sabemos que é digamos unha imposición entre o acordo acadado entre unha empresa privada no que señor Freire Couto, Partido Popular, cedeu toda a xestión do servizo de auga”. Vou ler así os puntos máis tal, porque ler isto. Partido Socialista, “O grupo socialista leva desde anos desde que este señor é concelleiro reclamando unha revisión, revisión, da ordenanza fiscal reguladora da taxa de auga. Ano e medio no poder e seguen igual. Reclamándoa por dous motivos, para que sexa máis xusta, e para que sexa máis ecolóxica, aquí non se distingue de grandes consumidores ou de pequenos consumidores. Non se distingue industria de particular, e vostede fixo unha ordenanza que debería ser que lle interesaba a empresa concesionaria”. Iso é para que vexan. 2014 “Sr. Fírvida toma a palabra. Acta de novembro de 2014. Isto é unha subida de IPC que se traen tódolos anos e que non terían agora que están gobernando ¿entenden que non tería que ter isto.”O señor Fírvida toma a palabra. Non imos facer ningún debate sobre que se presta o servizo de abastecemento saneamento das augas porque o temos moitas veces. Aquí ven unha aprobación dunha taxa fiscal polo tanto non imos referir só a taxa fiscal. Como é un acordo ao que chegou o Concello de Barbadás e unha empresa privada cando decidiu privatizar este servizo. Sr. Valcárcel toma a palabra, nós imos votar en contra, imos votar en contra, como xa fixemos o ano pasado e anos anteriores, porque a redución da taxa oculta outras cuestións. Este ano simplemente báixase ben. Pois nós levamos feito ano sí ano tamén, para que sexa unha taxa máis ecolóxica e que penalice o consumo, consumo daquelas economías que consumen máis. Isto aquí non se fai polo tanto a equidade social brila pola súa ausencia. E consideramos que na administración estamos na obriga de facer un uso razoable e ecolóxico da auga, polo tanto temos que cambiar a ordenanza. Vóuvolo ler outra vez. “Polo tanto creemos que hai que cambiar a ordenanza polo tanto imos votar en contra” Isto é o que vostedes dicían fai anos, nada máis. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: E terá resposta por parte da alcaldía.

A sra. Vispo toma a palabra : Que quere que vote eu en contra?

O sr. Alcalde toma a palabra: Vostede é moi libre de votar o que queira.

O sr. Fírvida toma a palabra: Ben. Isto ven porque o Partido Popular, porque o Partido Popular que gobernou este Concello durante 28 anos, o que fixo foi privatizar absolutamente a xestión de tódolos servizos deste Concello. É dicir, en lugar de levar unha xestión pública de todo o que é o ciclo da auga o que fai é por en mans de empresas privadas o ciclo ecolóxico da auga. Tanto o servizo de



saneamento como o de abastecemento. É máis, privatiza durante 25 anos, ampliados 15 anos máis. O que nós consideramos que podería ser de moi dubidosa aprobación por exemplo coa lexislación actual xa lles sería imposible facer o que fixeron na súa altura. Porque agora mesmo a lexislación impide a privatización de servizos públicos por máis de 15 anos. Pois o Partido Popular fixo unha concesión privada a unha empresa por 25 anos, e cando estaba a piques de rematar aquela concesión ampliouna por 15 anos máis. Creo que temos privatizado o servizo de auga ata o ano 2045. E as condicións de unha concesión privada hai que cumprilas. É dicir, o Partido Popular nos deixa un morto ata o ano 2045 e agora ven a señora Consuelo Vispo a dicir que incumpramos. Sabe vostede o que sucede si incumpramos unha concesión? Que a empresa concesionaria nos levaría aos tribunais e teríamos que indemnizala por todos os gastos e polo lucro que deixara de obter por esa denuncia. Iso é o que pasaría si queremos recuperar a xestión pública do parque do Concello de Barbadás. Que nos é imposible porque teríamos que indemnizar á empresa por todos os beneficios que espera obter ata o ano 2045. Iso é o que fixeron vostedes. E dentro desa concesión da que vostedes fixeron da que vostede formaba parte daquel goberno veñen estas condicións. Quere que nós incumpramos as condicións que vostedes nos deixaron obrigados a cumprir ata o ano 2045? Quere que as incumpramos? Quere que nos acusen de prevaricación? Queren vernos atados e alxemados dentro dun tribunal ou dentro dun xuízo por incumprir as concesións públicas que firmou o goberno do que vostede formaba parte? Pois non, non o vai a ver. Nós vamos a negociar coa empresa concesionaria unhas novas tarifas, unhas tarifas ecolóxicas, unhas tarifas que penen o consumo excesivo e que se estude caso por caso como se poden aplicar esas tarifas. Pero é un traballo que temos que facer coa empresa concesionaria para modificar as condicións desas concesión. Concesión, repito, que deixou feita o Partido Popular ata o ano 2045. E agora ten vostede a desfachatez de vir aquí ao pleno a recordarnos que somos nós os que temos que cambiar o que vostede deixou firmado por 25 anos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Fírvida, ten que rematar. Señor Ramón Padrón? Dona Julia? A señora Chelo ten a palabra.

A sra. Vispo toma a palabra: Eu non veño a reclamarlle, o acaba de dicir vostede mesmo, é que vostede se contradí. A ver, vostede di que vai a negociar unhas taxas agora que o sacamos nós as vai a negociar. As taxas pódense negociar, o que non poden negociar é o que vostede dixo pero si se poden negociar as taxas coa empresa que vostedes teñen agora mesmo en concesión, e que deixou o Partido Popular. Non dramatice vostede cos 25 anos, vostedes reclamaron dende o 2000, máis para atrás, están as actas aí, unha taxa que se baixaran. Por que en ano e medio?, é que todo é, a partir de que o



traemos nós, a partir de que traemos nós, o Partido Popular, vamos a ver, vostede dramatizou e dramatiza sempre, é a súa función. Pero o único que estamos pedindo o Partido Popular coas actas que eu trouxen, é soamente que negocie as taxas coa empresa, o que vostedes dixeron. Vamos a ver se o demostran. Demóstreño, pero non dramatice con iso. Home, non dramatice, que vostedes poden negociar, as negociacións pódense facer que non están...¿Vale?. Nada máis. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non corresponde señora Chelo, en resposta a súa pregunta. Desde que entramos no goberno, desde que este goberno está a dirixir este Concello, hai negociacións con Aquagest, ou con Viaqua, como vostede lle queira chamar que o nome correcto é Viaqua, e vostede xa que sacan o ten tanta deformación que en relación o protocolo de violencia de xénero houbo dúas reunións, está moi ben informada de certas cuestións. Pois tamén pode ir a informarse a Viaqua pode ir a informarse a Viaqua, falar coa dirección de Viaquia para pedirlle información sobre si hai xestións por parte deste Concello para modificar a ordenanza, e para modificar as tarifas, e para modificar as taxas. Se vai alí e pregunta terá cumprida a resposta, pero vostede tal como ten información doutras cousas tamén pode preguntar por outra información. Vai a Viaqua, fale cos seus responsables e terá cumprida resposta si o Goberno deste Concello está facendo xestións para modificar este tema. Vouna a informar. Nós levamos ano e medio gobernando, nós levamos ano e medio gobernando, tanto o señor Fírvida coma eu dado que nos mencionou nas súas actas ou na súa exposición, dicirlle que desde o momento cero en que estivemos neste Concello solicitamos a modificación desa taxa e desa ordenanza. Tiveron 8 anos dado que agora vostede reivindica a nosa actuación ou nos pon enfronte das nosas palabras dicirlle que vostedes en 8 anos non fixeron caso para nada a esas reivindicacións,. Nós estamos gobernando e se están realizando xestións para dar saída a ese tema. Dicirlle por exemplo, que simplemente a aplicación dunha tarifa social suporá para as arcas do Concello un custo de 18.000 € que no seu momento analizarase a posibilidade de asumir esa carga. Polo tanto estamos xestionando con Viaqua ese tema. Vostede si non ten información sobre o tema, pois tal como se informa doutros asuntos, pois infórtese tamén deste. Levamos ano e medio gobernando e a modificación da ordenanza da taxa está seguindo o seu curso, vostedes en 8 anos que lle reclamamos, e reclamamos, e reclamamos este tema, mutis por el foro. Votos a favor?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Aprobación inicial da Modificación da Ordenanza fiscal reguladroa da taxa por prestación de servizo de vertidos de augas residuais de calquera clase”**



8- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICAICÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día vai vencellada a este punto anterior, e neste caso fai referencia a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Abastecemento de Auga Potable.

O sr. Fírvida Alcalde toma a palabra: Pois é exactamente o mesmo do punto anterior. Vai aumentar as taxas o 0,2% que é o que se incrementa o IPC desde o ano 15 ao 16, como recolle a concesión realizada polo Partido Popular, en caso do abastecemento de auga potable por 25 anos cunha empresa privada que se pon en mans de, polo tanto o negocio e o beneficio privado un servizo público básico como é o servizo de abastecemento de auga.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Sr. Ramón Padrón está no uso da palabra. Nada. Dona Julia? Voceiro ou voceira do PP.

A sra. Vispo toma a palabra: Soamente dicirlle señor Alcalde como vostede pode falar cando queira para iso é o señor Alcalde, eu nas miñas quendas de tempo que teño tamén vou a contestarlle. Nós non estamos gobernando para ter toda a información. Bastante facemos con ir por detrás de vostedes arranxando os agravios que vostedes deixan. Iso é o que nos costa e non nos dá o tempo, porque mire, non facemos outra cousa as 6 persoas que pertencen ao Grupo Popular máis as persoas que nos están axudando, recoller toda a información que temos na rúa, e ter reunións coas persoas e os distintos departamentos, aínda que vostedes non o entendan, e do que van facendo mal para intentar arranxalo, para intentar arranxalo. Dígame señora Victoria.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, está falando comigo.

A sra. Chelo Vispo toma a palabra: Nada, nada soamente iso. Vamos a ver. Estoulle dicindo que os que teñen vostedes agora que rebaixar as taxas son vostedes, eu soamente saqueilles as actas para que o vexan. En año e medio non me diga que vostedes non poden facer todas as xestións que din que fan, porque eu sinceramente sen Alcalde, sen Tenente Alcalde no sei como traballan, pero, sabe a cidadanía perfectamente que non están aquí, vostede ven un día, vostede ven cando quere, pero que eu sei que teñen as súas profesións, que eu non teño nada en contra diso, cada un arranxa a súa vida como pode, pero que saiba que en año e medio todo o que vostedes están facendo seguiría falando, seguiría falando dos agravios que hai, en obras, xuventude, gardería, axuda a domicilio, servizo de limpeza,



¿quere que siga? ¿quere que siga?

O sr. Alcalde toma a palabra: Estamos a falar

A sra. Vispo toma a palabra: ¿Quere que siga? Por onde vamos é que non hai maneira de arranxar nada. ¿Vostede ve como está de limpo todo? No sei ¿Vostede ve os saneamentos como están? ¿Vostede ve como están...? Si, asfaltados os camiños están todos. Vai a deixar todos os camiños asfaltados. Non, todos non claro, ata onde cheguen. Nada máis. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Xosé Manoel?

O sr. Fírvda toma a palabra: Este Tenente Alcalde sobe tódolos días do ano a este Concello. Durante o ano pasado, digo porque o Partido Popular, xa hai varias veces que saca este tema a colación, durante todo o ano dispuxo de 12 días naturais libres para as súas vacacións de verán, 12 días en total durante o ano pasado. E este ano algún día máis, e o resto dos días, todos do ano, incluído agosto, setembro, e todos os días laborais do ano sobe a este Concello a traballar polas mañás e despois fai polas tardes todo o traballo que fai alá onde pode en reunións e aquí onde se reúne coa xente e nas oficinas e se saca o traballo adiante, o que non se dan sacado polas diante. Toda a cidadanía deste Concello sabe perfectamente que pode falar comigo calquera día laboral do ano. Tamén en fin de semana si queren porque os meus teléfonos están acendidos sempre. Dicindo agora outra cousa. Modificar unha taxa, primeiro, ten problemas fiscais, porque a señora Interventora ten informado de que para modificar unha taxa temos que cumprir coa estabilidade orzamentaria, é dicir, temos que xustificar o gasto do servizo. Como o Partido Popular nos deixou privatizado o servizo de saneamento e abastecemento por 25 anos e temos que pagarlle a unha empresa privada que nos presta ese servizo, temos que recadar da veciñanza o cobro dese servizo para compensar o gasto que se lle causa ao Concello. Aínda así a cobranza desa taxa é deficitaria, non cobre a prestación do servizo, é dicir, a empresa nos cobra máis diñeiro a nos do que nos recadamos aos nosos veciños, aí están os orzamentos cando falemos dos orzamentos este mes, cando veñan ao Pleno, van poder vostedes comprobar como sostemento do servizo de auga, tanto de abastecemento como de saneamento, a empresa concesionaria que fixo vostede cobra máis ao Concello que o que nós lle cobramos aos veciños, polo tanto, si modificamos unha taxa a parte deficitaria sería aínda maior, co cal teríamos problemas de estabilidade orzamentaria e problemas de información por parte de Intervención, e senón pidan informes, xa que están acostumados a pedir tantos informes por todo o que facemos pídano tamén sobre iso, pídano sobre iso, e despois como comprenderá unha empresa concesionaria que ten amarrado a este Concello durante 25 anos máis 15 anos, non é fácil negociar con ela, porque



ten a tixola polo mango, pode facer o que queira, claro, negociar cunha empresa que sabe que ata o ano 2045 pode facer o que lle dea a gana en función do contrato firmado polo señor Freire Couto e a señora Consuelo Vispo non vai a dicirnos a nós agora vos perdoo, pois 50.000 €, para que rebaixedes as taxas aos vossos veciños, non señora Consuelo, as empresas teñen ánimo de lucro, vostedes privatizaron para que unha empresa se enriquecese coa auga deste concello, e agora nos ven a pedir a nós que rebaixemos as taxas e de onde sacamos o diñeiro? Como facemos? Como mantemos a estabilidade na prestación deses servizos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vostede fixo mención tamén a ausencia ou presenza, si se vostede, non interveu dúas veces? Non? Nesta non, creo que non, ou si? Nesta non. Sr. Ramón Padrón. Julia? Sra. Chelo?

O sra. Vispo toma a palabra: Sr. Padrón, a mi me interesa debater isto, se a vostede non lle interesa, irse pronto a casa, no sei para que se dedica vostede á política, vamos. A hora pona aquí o Grupo de Goberno, 7 e media, se saímos ás 12 saímos ás 12. A política é así, se non lle interesa xa sabe, a ver é que, eu no sei. Mire se quere señor Tenente Alcalde choro con vostede polos 12 días que se foi de vacacións, é o seu problema, non é noso problema, nin da cidadanía, ollo estou falando eu, nin da cidadanía, vostede non de pena, porque eu non daba pena cando chegaba a miña casa ás 10 da noite e non o dicía en ningún lado. Entón a ver, se me contesta vostede, entón o que estou dicindo é que a pena non a dea vostede á cidadanía señor Fírvida, vostede está aquí posto por..., non posto por ninguén, non, porque vostede con 500 votos, ten unha coalición co señor que está sentado ao lado, entón vostede está aquí e sabe que a gobernabilidade A democracia, si sei o que é. O señor Ramón Padrón deulle a vostede a gobernabilidade a vostedes, ¿entende? Como a cidadanía. Vostede estame dicindo contra 1800 votos que ten o Partido Popular contra 500 ten dereito a estar aí sentado, teno por un pacto que teñen vostedes, vamos a ver, teñen un pacto feito, nada máis, e deulle a gobernabilidade o señor Padrón, non me digan vostedes a min que está sentado nesa cadeira con 500 votos. ¿Como que estou mentindo?

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor, non interrompamos ningún de nós e que remate a súa intervención.

O sra. Vispo toma a palabra: Se non estou dando os números adecuados pido desculpas. Pido desculpas, non pasa nada. Vamos a ver, estounos dando de cabeza, o que estou dicindo e o fondo da cuestión, é que é un pacto que vostedes teñen e por iso están gobernando, agora mesmo, o que si dicía, sigo dicindo que vostede non dramatice o tema da auga, nin o tema de nada. Está contradicándose



vostede mesmo, vamos a ver, estame dicindo que xa negociou e que como non van a cumprir a estabilidade orzamentaria e que vai a haber un informe de Intervención, seguramente non van a poder baixar, ou sexa lle están vendendo á cidadanía que si van a negociar as taxas da auga para que se baixen. ¿Agora entenden porque durante anos non se puideron baixar estas taxas? Estano dicindo vostede mesmo, pola estabilidade, como que non, non faga así coa cabeza, senón pedimos outro informe a Intervención, porque durante anos non se puido baixar. Vamos a ver vostede mesmo estano dicindo a cidadanía e quere facernos ver outra cosa. Non señor Fírvida, se vostede colle 12 días de vacacións é o seu problema.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten vostede a quenda de palabra.

O sr. Fírvida toma a palabra: Non terxiverse as miñas palabras. Non cambie o que eu digo. Non estou dicindo que non podamos negociar coa empresa concesionaria, estou dicindo que é moi difícil negociar con unha empresa concesionaria que ten unha concesión ata o ano 2045, nunhas condicións moi beneficiosas para esa empresa privada, condicións moi beneficiosas que deixou firmadas e moi ben atadas o Partido Popular, o que non sabemos é a cambio de que, non sabemos a cambio de qué privatizaban vostedes todos os servizos públicos por 45 anos, aínda que sospeitemos, pero non o sabemos, entón, agora nós nos é moi difícil negociar unhas novas condicións con esa empresa para poder manter a estabilidade orzamentaria loxicamente. Nós temos que negociar con eles, porque si nós reducimos as taxas á veciñanza tamén temos que reducir o diñeiro que pagamos en forma de concesión a esa empresa concesionaria. Si vamos a ter menos ingresos temos que ter menos gastos, non podemos manter o nivel de gasto ingresando menos diñeiro no Concello. A iso me refiro, ás negociacións que estamos levando a cabo. Non estamos mentindo á veciñanza, estamos sendo sinceros, o que pasa é que vostede non quere entender, e o que é difícil é negociar cunha empresa que ten agora mesmo todo o poder de negociación porque ten atado ata o ano 2045 gracias ao Partido Popular, iso é o que lle estou dicindo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo para aclararlle todas as cousas que lle estaba dicindo o señor Fírvida, vivimos nunha democracia representativa, que está establecida pola Constitución que tanto se vangloria o Partido Popular de ser defensora dela e que non quere modificar. Xa que está en contra da creación de coalicións ou dos gobernos de coalicións. Eu intento interrompir o menos posible, interrompín unha vez e rectifiquei, dado que dá a sensación ou transmite a sensación de que vostede está en contra dos gobernos de coalición, vostede debería defender a modificación da Constitución ou esixirlle ou pedirlle ao seu líder natural e Presidente do Goberno que a modifique. Esa



primeira cuestión, outra cousa que debe vostede saber a maiores de todo isto. A democracia equivale á consecución de maiorías, equivale a consensos, equivale a negociación, algo que vostedes durante 28 anos non fixeron. Este goberno conseguiu uns apoios a base de negociar, e de intentar cumprir eses compromisos, a partir de aí, dicirlle que este goberno con relación a tarifa da auga, leva negociando con Viaqua desde hai practicamente ano e medio, propúxoselle, e vouna seguir informando, propúxoselle a creación dunha tarifa industrial e coa creación desa tarifa industrial compensar precisamente o déficit que se xeraría a maiores pola instauración dunha tarifa social, estase nese camiño e de feito xa hai un estudio elaborado e practicamente rematado. Vostede ten información de primeira man que máis quere que lle diga, e dicirlle, si, engadirlle algo máis que é unha cuestión como dicía o señor Fírvida, que se chama equilibrio económico financeiro da empresa que nós temos que respectar precisamente porque vostedes cederon a concesión e explotación dos servizos da auga a unha empresa privada. Se non houberaso pois sería moito máis fácil negociar con eles. Votos a favor? Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Aprobación inicial da Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por pretación do servizo de abastecemento de auga potable.**“

9.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE OPOSICIÓN Á LOMCE E AS SÚAS REVÁLIDAS

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Bloque Nacionalista Galego de oposición á Lomce e as súas reválidas. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

O sr. Fírvida toma a palabra: Pois falando de democracia e de maiorías resulta que o Partido Popular aproba sen contar co apoio da comunidade educativa de ningún lado do Estado Español unha lei, a Lomce, que nós dicimos que é unha lei centralizadora porque saca competencias ás Comunidades Autónomas, clasista, segregadora, sexista, porque permite separar ao alumnado por sexo nas aulas, mercantilizadora, e que vai en consonancia cun réxime autoritaria e antidemocrático. E esta Lomce, recolle entre unha das súas grandes fazañas, recolle as reválidas, as reválidas son unha volta a tempos pretéritos, son unha volta aos tempos preconstitucionais, unha volta ao franquismo, aqueles tempos onde os nosos pais, a xente moi maior tiña que facer unha reválidas cando acababa o bacharelato para conseguir un título académico, o que vai supor as reválidas é que o alumnado de 4ª da ESO unha vez rematado o curso vai ter que facer unha proba exterior ao centro educativo onde foi



educado, unha proba como hoxe mesmo sae nos medios de comunicación por parte do goberno de señor Feijóo e do señor Rajoy, perdón, vai ser unha proba a nivel estatal, unha proba que saca competencias ás Comunidades Autónomas, e unha proba que aquel alumno ou alumna que non as supere vaise quedar sen título de secundaria. Vostedes imaxinan un neno, una nena de 12 anos de idade que leve estudando nun colexio desde os 3 anos de idade que supere todas as materias, que se esforzou, que ten as capacidades e as competencias segundo o seu profesorado que os coñece, de estar con eles nas aulas 5, 6 horas diarias, que ten superado toda esa formación e toda esa práctica educativa, que chegue un día a un exame e que por calquera circunstancia porque se atope mal fisicamente, porque se atope nervioso, porque se atope presionado ou presionada, porque se encontre mal, faga mal un exame e se quede sen título da ESO? Que futuro lle queda a este neno ou a esta nena? Non podería ir a bacharelato, pero é que tampouco podería facer un ciclo de grado superior. Estaríamos condenando a estes nenos á formación profesional básica e a un proxecto curricular que inventou o Partido Popular para segregrar ao alumnado en función tamén, das súas clases sociais, porque lamentablemente o sistema educativo público galego non é capaz de resolver todos os problemas socioeconómicos que existen na sociedade, e de problemas de inclusión social para os nenos que máis necesidades educativas teñen. Pero é que é máis, os mozos e as mozas que rematan o bacharelato despois de estar dous anos estudando duramente nun centro de ensino secundario, despois de facer a ESO, despois de facer o Bacharelato, despois de facer todas as probas, despois de estar sometidos a unha avaliación continua por parte do seu profesorado se someten a unhas probas, primeiro, que non contemplan a formación que adquiriron durante o bacharelato, porque estas probas externas non contemplan por exemplo cuestións como atención, a realidade plurinacional do Estado Eespañol, algo que lle doe moito recoñecer ao Partido Popular, e por aí ven todas estas leis e todas estas normas, o descoñecemento da realidade plurinacional do Estado Español, non atende a cuestións como música, como deporte, como educación plástica, como educación audiovisual, todo aquilo relacionado coas artes, iso todo queda excluído das reválidas, que é o único que lle importa ao Partido Popular, é a mercantilización do ensino, traballar para que os nenos se formen para un posto de traballo, para pertencer a un mundo capitalista e neoliberal. Pois ben, acabamos segundo de bacharelato e resulta que se presentan a un exame exactamente o mesmo, suspenden o exame e quédanse xa non sen acceso a universidade, e que se quedan sen título de bacharelato, cortámoslle o seu futuro profesional e laboral para o resto da súa vida, cortámosllo, só por suspender un exame que se realiza nun día, é dicir, estas probas son profundamente aberrantes, non só co alumnado que



maltrata psicolóxicamente ao alumnado senón tamén o profesorado. O que está detrás de todo isto é unha desvalorización dos profesores e as profesoras deste país. Porque todo o traballo que se desenvolve nun centro educativo durante moitos anos, onde traballan equipos pedagóxicos, onde traballan os equipos de audición e linguaxe, onde se traballa a conciliación, onde se traballan valores como a loita contra a violencia de xénero, loita contra o sexismo, contra a violencia en xeral, onde se traballan valores de convivencia, onde se traballan valores educativos, deportivos, musicais, culturais, todo iso ao Partido Popular non lle importa, non lle importa, o que lle importa é un exame de coñecementos para ver si é capaz de acceder a un mundo capitalista, a un mundo neoliberal, a ver si é capaz de encontrar traballo rápido, a un mundo desvalorizado, con salarios infrahumanos pero que sirvan para traballar, iso é o que lle importa ao Partido Popular, estamos evitando que os nenos podan proseguir unha educación conforme as súas necesidades. Non falemos xa cos nenos con educacións, nenos e nenas con problemas educativos, con necesidades educativas especiais. Gustaríame que alguén do Partido Popular me explicase, e remato, como van a facerlle a reválida a un neno ou a unha nena con necesidades educativas especiais, porque non está contemplado para poder superar as probas tanto de ESO como de Bacharelato.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, para non estendernos. Estamos de acordo coa moción, porque é unha moción que tampouco é para estenderse aquí no Concello, pero vamos, non temos ningún inconveniente. Estamos de acordo coa moción, porque está na rúa, nos colexios e no profesorado e todo, que está claro que a lei non é boa. Dicar que unha lei de educación para todo un Estado coas súas propias realidades nacionais dentro del, non pode saír dunha soa parte, senón que debe ser do froito do consenso de todos. Todos estes anos de democracia non foron que de parir unha lei de educación con maiúsculas, na que todos os partidos estiveran de acordo. E así cada un, cando chega ao goberno fai a súa propia, e o seguinte derríbaa. Pero xa estamos acostumados neste País ninguén se pon de acordo, e aos acontecementos deste ano o poñen de relevo. Ninguén quere ceder un mínimo nas súas posicións e así seguiremos, sabe Deus canto tempo, pero o de España xa é crónico, oxalá as xeracións que veñan detrás de nós teñan máis capacidade de chegar a acordos sen pensar en intereses persoais ou en grupos de presión e por fin se faga unha lei respectando a Lei que nós os galegos tamén decidamos darnos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

O sr. Padrón toma a palabra: Non rematei. Como se pode falar doutras cousas nas intervencións, pois nada eu solo, xa que a señora Chelo pois saíu así á galería como se gravan, pois saíu á galería



dicindo algunha cousa. Mire, xa o dixen aquí algunha vez a algún compañeiro da corporación. Eu traballo tanto, como mínimo tanto coma vostede, polo interese dos veciños. O señor Padrón non decidiu nada por el mesmo, o señor Padrón decidiu o que os veciños, xa non só os que ían na candidatura do noso partido, senón unha asemblea de veciños que veu que quixo, e dígolle que había case cen persoas, e decidiron democraticamente unha posición, e de momento creo que demos humildemente, un exemplo de democracia, equivoquémonos ou non nos equivoquemos, iso xa o dirá o tempo, pero non escondimos nada, recibimos presións moi fortes, incluso propoñéndonos incluso a alcaldía, algo inaudito vamos, o partido menos votado, e que máis, vivimos nun estado que ten unha Constitución, a Constitución di que isto é un estado nunha presidencia lista e parlamentario e baséase nas maiorías. Se alguén chega a acordos funciona así, se aquí tiña que gobernar a lista máis votada, pois mire, o Partido Popular estivo no goberno con maioría absoluta, o Partido Socialista tamén, e nunca fan lei para nada, falar, fálase tódolos día, pero ninguén toma a iniciativa para cambiar as cousas. Punto

O sr. Alcalde toma a palabra: Sr. Ramón, remate. Grazas. Julia?

A sr. Jácome toma a palabra (D.O.): Si, eu o que quería dicir é que Democracia Orensana cree que moi ben os vosos puntos de vista.

O sr. Alcalde toma a palabra: O voceiro ou voceira do Partido Popular ten a palabra

O sr. Manuel González toma a palabra (PP): Boas tardes a todos e a todas, especialmente ao público presente, señor Alcalde e señores Concelleiros. Por unha vez e sen que sirva de precedente vamos a estar de acordo en parte con don Ramón Padrón, de feito nós presentamos unha emenda que vai nesa liña, de conseguir o consenso. Tamén estamos de acordo con Democracia Orensana que iso non toca aquí. Toca como dicimos moitas veces este tipo de brindes ao sol que nos ten acostumados ao BNG non toca neste ámbito, este é un Concello. Pero os cidadáns tomarán boa nota do que hai, entón pois atendendo lóxicamente a actividade que nos compete. Nós presentamos unha emenda xa que a práctica totalidade do arco parlamentario estatal puxo de manifesto en efecto a imperiosa necesidade de abordar o tema educativo como un asunto de estado o que fará imprescindible o máximo consenso e diálogo, que leva a sacar adiante unha lexislación educativa que dea resposta á realidade social na que nos atopamos e consensue dunha vez por todas as distintas posturas de cara a conseguir unha lei que saque do estado no que está a educación neste país, que penso que todos estamos de acordo, está moi mal. Como xa dixemos por outra parte como dixo vostede Concelleiro ao noso grupo en ocasións anteriores.



Estamos seguros que o feito dese diálogo e do consenso os verdadeiros beneficiados serán, como non pode ser doutro xeito, en primeiro lugar os alumnos xunto con toda a comunidade educativa e por suposto, en definitiva a sociedade á que nos debemos. Polo tanto nós propoñemos unha emenda que diga si o acordo está nas Cortes Xerais do Estado para que aprobe unha iniciativa legislativa que consolide un Pacto de Estado en materia de educación que dea resposta ás demandas da sociedade española. Nese caso nós apoiariamos esta moción con esta modificación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Quen ten que considerar e aceptar a emenda é o ponente da moción.

O sr. Manuel González toma a palabra Se aceptan a emenda si. Se defenden a emenda, si.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero quere proseguir a súa intervención ou? O señor Fírvida vai a responder á súa interpelación ...cando remate a súa intervención.

O sr. Manuel González toma a palabra: Vai condicionado a que se nos acepte, estou facendo unha pregunta.

O sr. Alcalde toma a palabra: O señor Fírvida vai a responder a súa interpelación sobre si acepta a emenda cando remate a súa intervención

O sr. Manuel González toma a palabra: A nosa intervención vai condicionada a que si acepta emenda, loxicamente apoiariamos o tema

O sr. Fírvida toma a palabra: Non, Non vou aceptar.

O sr. Manuel González toma a palabra: Non vai aceptar, ben? Entón pois, o noso discurso como non pode ser doutro xeito iría de cara a explicar as seguintes cuestións que nos parecen primordiais de cara a este mitin da CIGA que se nos deu aquí que é moi respectable como podía ser noutro lado pero non é o ámbito. Coma sempre o BNG está fora de contesto como xa nos ten demostrado en moitas outras cousas. E nos fai perder o tempo que iso é o peor de todo iso. A LOMCE xorde como solución a un caso de urxencia extrema. O nivel educativo español, xa o dixen noutra ocasión anterior, non fai falta que o repita, pois sería moi aburrido. Todas as taxas a nivel europeo e internacional nos dá que o nivel educativo español é moi baixo. E iso esixe actuar canto antes, a LOMCE non é unha nova lei que veña a mudar por completo sistema educativo, ven a poñer unha serie de modificacións nas que podemos ou non estar de acordo ou non, e para iso se vai a facer ese consenso, se debería facer ese consenso. Deberían de ser conscientes igual ca nós do mal estado no que está o sistema educativo non só aquí en Galiza senón en toda España. O PP traballa por un proceso de mellora do sistema educativo, buscando acadar ese nivel de excelencia desexado para o noso sistema pero con unha premisa clara, respecto á lei vixente. Xustamente porque o goberno galego si cumpriu coas regras de



xogo aínda que non estivera de acordo con elas e oso que levamos arrastrando os problemas da LOGSE, e da LOE en Galiza durante máis de vinte anos. Dende logo, desde o PP non vemos actitude de determinados partidos como construtiva democrática e moito menos pedagóxica, pensando sobre todo nos valores sociais que o noso alumnado recibe con este tipo de prácticas de incumprimento democrático. Neste sentido cabe recordar o artigo 9 da Constitución Española “Primeiro: Os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do Ordenamento Xurídico . Segundo Correspóndenlle aos poderes públicos promoveren as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan efectivas , removeren os atrancos que impiden a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadán, e en terceiro lugar, a Constitución garante o principio de legalidade a xerarquía normativa, as normas, etc. En conclusión: Primeiro, a LOMCE xorde como un modelo que non funciona, e iso é indiscutible. Segundo, a LOMCE está feita por un goberno lexitimado para facelo no seu momento. Terceiro, as leis están feitas para ser cumpridas polo menos nunha Galicia e nunha España democrática. En canto ás probas de avaliación que aquí o señor Fírvida tivo a ben terxiversar total e absolutamente co enfoque que se lle deu, isto é unha avaliación do modelo non dos alumnos, non do alumnado, non van suspender, nin van deixar de estudar nin nada, o que hai que ver é onde están as eivas do sistema educativo hai que diagnosticalas e despois tratalas que é do que se trata. Non debemos confundir de forma arbitraria á poboación, non se fala das reválidas en ningún momento, son probas individualizadas de carácter estritamente informativo ao orientador, os resultados obtidos non repercuten no expediente académico do alumnado pero si permiten implementar plans específicos individuais para a mellora do aprendizaxe. Neste sentido convén recordar a LOE, Lei Orgánica da Educación do 2006 que recoñece no seu preámbulo a avaliación do sistema educativo. Continúo na segunda parte. Grazas señor Alcalde.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o señor Fírvida como voceiro do Bloque nacionalista Galego.

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, por ir abreviando e rápido. Primeiro, eu creo que sí que é un tema de debate nun concello porque o Concello é un foro de debate tan democrático como pode ser calquera outro órgano de representación da soberanía popular. Por iso estamos aquí, porque representamos a cidadanía. Neste Concello hai máis de dous mil nenos e nenas, mozos e mozas, en idade de ensino secundario e postobrigatorio. Si vostede cre que non podemos falar do que lle afecta á vida de máis de dous mil nenos e nenas deste Concello, entón para que estamos aquí representando aos nosos veciños?. Eu desde logo veño aquí, eu fago miñas as palabras da señora Consuelo Vispo,



señor Manuel, si vostede cre que é unha perda de tempo non veña aos plenos, quédese na casa. Non veña! Díxoo ela. Outra cousa, modelo Partido Popular, leis consensuadas desde logo, o Partido Popular ten toda a lexitimidade do mundo para legislar e para sacar as leis que considere oportunas, por suposto, non llo vou negar, niso consiste a democracia e eu acepto as normas democráticas, non sei si vostedes? Eu si que as acepto. Que sucede? que esta lei non conta co apoio de ninguén, nin no Parlamento Español, nin nas Comunidades Autónomas, ni na comunidade educativa. Cando se puxeron en práctica as probas de reválidas o 80 % dos nenos e das nenas de Galiza non asistiron a estas probas, porque os seus pais e as súas nais decidiron que eses nenos non tiñan porque someterse ás probas e decidiron que os nenos e as nenas quedaran nas casas, o 80% non asistiu ás aulas neses días, e o 20% que foi, é por motivos de conciliación familias de pais que traballan e teñen que levar aos seus nenos ao colexio, porque seguramente non o terían feito. Despois, hoxe, señor Manuel por favor, escoite o telexornal cando chegue hoxe á noite á casa, lea algo en internet ou lea mañá o periódico, porque hoxe o seu goberno do Partido Popular do señor Rajoy, acaba de publicar como van a ser as reválidas, e van a ser como eu lle digo, mire, este ano, son con carácter orientativo, as de secundaria, e as de bacharelato van dar acceso á universidade, van influír para o acceso á universidade, e a partir do ano 2018 van a dar acceso ao título de secundaria, e a o título de bacharelato. Como di vostede que isto non é avaliar ao alumnado? E logo a quen estamos avaliando? Pero si o alumnado non aproba estes exames, vai quedar sen o título requirido. Sobre a moción do Partido Popular, o Partido Popular, desde logo facendo, a emenda do Partido Popular facendo ao que eles representan, din, firmar un pacto de Estado, dando resposta ás demandas da sociedade española. Non, señor Manuel, vostede non entendeu nada da moción do Bloque Nacionalista Galego, non a CIGA, o Bloque Nacionalista Galego. Nós queremos un modelo que dea resposta ás demandas da sociedade galega, iso é o que nos diferencia de vostedes, que nos queremos unha resposta á realidade nacional deste país que se chama Galiza. Polo tanto a nosa moción non di nada do Estado Español, nin dun Pacto de Estado fala, instar a Xunta de Galiza a derogación das reválidas, a derogación da LOMCE e nada máis. Dicir que o Partido Popular convidou as Comunidades Autónomas a unha reunión esta semana e hoxe din nos medios de comunicación que todas as Comunidades que non están gobernadas polo Partido Popular non van ir a esa reunión, e si van van ir para manifestar a súa oposición a esta norma.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón Padrón?



O sr. Padrón toma a palabra: Nada, simplemente dicir que estamos de acordo coa moción, e en cuanto a emenda que nos presentan, como dixo a compañeira de Democracia Orensana, é un brinde ao sol, porque un Pacto de Estado non o vai a haber, nunca o houbo. Fixeron unha lei e non contaron con ningún, con consenso, non pactaron con ningún partido e sacaron esta lei, entón, é outro brinde ao sol. A proba está aquí as diferenzas que hai e que nunca imos chegar a un consenso neste tema, lamentablemente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. señora Julia? Don Manuel, está na súa quenda de palabra.

O sr. González toma a palabra: Contestarlle moi brevemente señor Fírvida. Que avaliamos o sistema educativo no seu conxunto non só aos rapaces. Non vai adicado a martirizar a ninguén. Houbo, falan do tema de perder o tempo, claro que si que nos fai perder o tempo moitas veces, o que pasa o que entre as nosas funcións, xa asumimos cando tiñamos ao BNG enfronte ao que viñamos. Houbo un pleno de 48 horas no Concello de Gijón, cantos anos botaron 48 horas, alí pechados para falar dos refuxiados kurdos, que foi dun exitazo, vamos camiño de copialos. Sigo dicindo entón que a LOE socialista, xa introduce como novidade a realización de avaliación de diagnose, de diagnose do problema, como non pode ser doutro xeito. O que está claro e que estamos a nivel educativo case practicamente na cola de todos os países avanzados, e iso é en parte gran culpa do modelo educativo e polo menos hai que ver onde están os problemas si queremos poñerlle solución. En canto o consenso, xa é hora de deixar, precisamente non hai consenso moitas veces porque na outra bancada, polo menos ata o de agora, non foron capaces de consensuar e de poñer en común estes puntos de vista. Eu penso, e son optimista, penso que desta volta que se vai a arranxar así o manifestou o presidente do partido en Madrid, que é onde competen estas cousa, nós aquí podemos charlar como poderíamos estar tomando unha caña e falar do mesmo, por sorte ou por desgraza non é o ámbito. Si que penso que vai a haber un consenso entre outras cousas porque estamos obrigados, estamos nun mundo globalizado e nos poñemos as pilas para que os nosos rapaces e rapazas salgan ben preparados, ben formados, ben educados como persoas no seu conxunto, e para iso vai a haber que participar. O que pasa que este tipo de demagogias así modelo BNG, modelo podemita que está moi en voga ultimamente, agora estar aí, no ámbito do Congreso dos Deputados, é certo, certo. Sinto que lles pareza mal cando digo as verdades, teño por costume dicirlas. Cando estean aí sentados non vai a ser pola rúa berrando e falando aquí, facendo brinde ao sol nos concellos e tal, séntense alí, elaboren as leis, consensúenas, e saquen a este país adiante que falta nos fai. Moitas grazas.



O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede. Votos a favor da moción do Bloque Nacionalista Galego en relación a oposición á LOMCE e as súas reválidas? Abstencións? En contra?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto, en contra PP e abstención de Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Moción do BNG de oposición á LOMCE e ás súas reválidas”**

9.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS PARA A ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA XERAL DE OBRAS NA VÍA PÚBLICA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do PP de Barbadás para a elaboración dunha ordenanza xeral de obras na vía pública. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Boa tarde de novo. Decía a señora Morenza nunha intervención anterior que se están a realizar e se van a facer multitude de obras e actuacións coma nunca antes foron vistas. Rapaces e leña verde todo é fumo. Pois agora teñen aquí unha proposta do Grupo do Partido Popular para que ser pronuncien e de verdade comprobemos que lle importan aos seus veciños. Imos ver a súa capacidade de previsión. En moitas ocasións os cidadáns soportamos actuacións na vía pública por intereses dunha empresa subministradora e ao pouco tempo repítese unha obra similar polo interese doutra, ou incluso do propio Concello. Pois ben, este tipo de actuacións poden e deben coordinarse non só no tocante a datas e condicións de execución senón tamén adoitando acordos coas empresas interesadas para aproveitar dun xeito racional outras actuacións de interese municipal que lle sexan compatibles. A proposta que hoxe traemos e que xa presentamos na Comisión informativa de réxime interior do pasado 4 de novembro, pretende evitar nun futuro deficiencias no resultado da execución das obras, diferenzas no formato e nos distintos remates e a regular ademais o tempo de permanencia das mesmas na vía pública. Situacións que a cotío sofren os veciños e veciñas de Barbadás e que en ocasións poden comprometer incluso a accesibilidade. Ultimamente estamos acostumados a ver gabeas abertas e obras na vía pública sen advertir traballo nin presenza nelas, moitas veces sen protección, sinalización e información de quen realiza a obra e a súa finalidade. Información esta imprescindible para o cidadán no caso de que se poidan derivar responsabilidades. Tampouco se advirte planificación das instalacións para conducións de servizos públicos e as súas condicións necesarias para o seu establecemento, trazado, conservación, supresión, substitución, modificación ou traslado. As obras que se realizan, ben sexa polo Concello ou



por unha empresa privada, débense aproveitar para calquera outra actuación compatible como poidan ser as revisión a reposición doutras conducións e soterramento de tendidos. Racionalizando as actuacións de maneira que se eviten duplicidades de custos molestias innecesarias e con uniformidade de criterios conformaremos un entorno con certa coherencia funcional e estética nos elementos públicos, e con isto non me refiro a repintar todo o mobiliario de cor vermella como naquel famoso western. Existen datas nas que se poden xerar caos previsibles e evitables como a instalación de sinais, pintado e repintado dos pasos de peóns ou soterramento das instalacións. Entendemos imprescindible dotarnos dun mecanismo que regule entre outras cousas a coordinación das empresas subministradoras e o Concello de Barbadás. É necesaria unha previsión de futuro, pois todos sabemos que se están a realizar varias obras en diferentes zonas do Concello e que ben se poderían ter utilizado para prever certas incidencias que se podan dar nun futuro, pois o tempo pasa para todos e as redes e demais infraestruturas non son alleas a esta lei natural. Existen ademais un efecto multiplicador que na incidencia cidadá poida ter a liberalización dos servizos de interese xeral, telecomunicacións, abastecementos de auga, electricidade e outras previstas por normativa europea e que ademais reconece a existencia dunha relación directa entre as limitacións ambientais e de orde urbano as que poidan e deban atender á regulación municipal. Por todo isto, a falta dunhas normas que regulen este tipo de detalles e para un mellor control e planificación das actuacións na vía pública que consiga minimizar as limitacións do uso común do dominio público, presentamos a consideración do Pleno estes acordos. Instamos a Grupo de Goberno, a elaborar unha ordenanza xeral de obras na vía pública que permita regular os aspectos expostos anteriormente. Crear un plan de instalacións e servizos anual que recolla entre outras cousas, os prazos de comezo e remate das obras, que vincule a empresas e Concello, e que inclúa todas as obras que teñen por obxecto a ampliación de rede e substitución de redes antigas ou en mal estado. Aplicar así criterios de eficiencia e máximo aproveitamento así como de calidade e uniformidade de criterios que se realicen a curto prazo, mentres non se dispoña dunha ordenanza sinalada. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O Sr. Padrón toma a palabra: Simplemente dicir que a moción é lóxica e de sentido común. Estamos totalmente de acordo, e en resumen é que cando se fai unha obra, se abre unha gabia, se fagan as actuacións que non xeren que despois teña que vir outra empresa a abrir outra gabia para meter outro tubo. Iso é unha pena que durante estes moitos anos non se teña aplicado esa maneira de facer as cousas, e así temos os desastres que temos en todo o Concello. Pero xa digo, estamos de cordo



totalmente coa moción

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Julia, está na súa quenda de palabra. Señora Victoria Morenza?

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas. Referíase vostede a min, señor Manuel Angel, o dicir que eu falaba de que íamos facer moitos proxectos. En ningún momento, repasaremos a acta cando...Eu dixen que temos pendentes de facer moitos proxectos que vostedes nos deixaron, todo este traballo que vostedes nos deixaron por facer máis o que xa está feito. En ningún momento alardeei hoxe aquí de que íamos facer moitos proxectos. E para os daltónicos e daltónicas aclararlle que tecnicamente a cor que se está utilizando é a cor burdeos, e xa cinguíndonos á moción, dicir que é preciso elaborar estudos previos da situación das infraestruturas actuais, e estes estudos deben definir os problemas actuais evidentemente, no desenvolvemento de obras na vía pública. Os técnicos e as técnicas, teñen que definir as posibles solucións e reflectilas nun estudo de ordenanza. Todo isto require un traballo que hai que facer lenta e concienzudamente, non agora atropeladamente e antes de final de ano, porque queda moi ben esta iniciativa, porque é unha boa iniciativa hai que dicilo e queda moi ben nos medios de comunicación dicir que traen vostedes unha iniciativa destas características que evidentemente apoiamos pero que haino que facer con calma con estes estudos como recomentan os propios técnicos e as propias técnicas. Sería fundamental tamén crear unha mesa de coordinación na que se integren técnicos da administración local e representantes das distintas compañías de subministros e servizos que se prestan a través do dominio público. O obxectivo, e niso estamos de acordo todos, é a minoración do impacto urbanístico das obras na vía pública a través da planificación de todo tipo de actuacións e si é posible a execución conxunta de todas as obras que sexan tecnicamente posible. Hoxe en día xa se está levando a cabo un dos puntos nos que vostedes piden que aplicar criterios de eficiencia e máximo aproveitamento así como de calidade. Xa se está facendo, xa se está esixindo cando se concede unha licenza, a reposición co mesmo pavimento, e unha serie de condicións que xa as esixe a lei. Cos dous primeiros puntos evidentemente estamos de acordo. O último, aínda que xa o estamos facendo vámolos a apoiar, esta moción é moi interesante pero saiba vostede que non hai moitos Concellos en Galicia e en España que teñan unha moción destas características.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Manuel.

O sr. Fernández toma a palabra: Grazas señor Alcalde por darme a palabra. Visto lo visto, só me queda agradecer este apoio a esta proposta que entendemos de futuro e dende logo señora Morenza o



traballo non o temos que facer nós. Nós traemos propostas que os cidadáns nos van dicindo no noso día a día. Quizás podía alegrarme polo apoio mostrado con esta moción pero é que o modus operandi deste goberno ultimamente, as últimas mocións que traemos aquí e saen aprobadas, non se fan. Si cada case me gustaría que mas votaron en contra porque cando a teñen votado en contra ao día seguinte póñense a facelo. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Ramón? Señora. Julia? Señora. Victoria.

A sra. Morenza toma a palabra: Agradecementos ningún, señor Manuel Angel. Aquí estamos todos os 17 concelleiros e concelleiras para construír un Barbadás mellor. Agradecementos ningún. Traballamos xa ve que nós somos persoas tolerantes que aceptamos o razoable. Respecto ao seu traballo na oposición, recoller propostas que logo traen a pleno e que é o seu traballo na oposición, e o noso no goberno tamén recollemos propostas que aplicamos e vostedes recollelas e traelas aquí a pleno para debetilas. Cada un fai agora mesmo desempeña o rol que debe desempeñar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Votos a favor da moción?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:
“Moción do PP de Barbadás para a elaboración dunha ordenanza xeral de obras na vía pública”

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Facemos un receso de 5 minutos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Proseguimos entón. Reanudamos o pleno. Grazas polo receso.

11.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS SOBRE A REHABILITACIÓN DA ANTIGA ESCOLA DE SOBRADO DO BISPO.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Partido Popular de Barbadás sobre a rehabilitación da antiga escola de Sobrado do Bispo. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular, neste caso a señora Miriam.

A sra. Prieto toma a palabra (PP): Dende o Partido Popular de Barbadás trasladamos ao goberno e corporación municipal, a necesidade de rehabilitación integral da antiga escola de Sobrado do Bispo. A cal é usada na actualidade e de forma habitual pola coral polifónica Voces e Cordas, ou sexa, por 25 veciños deste Concello. Quero destacar de forma anecdótica, que se trata dunha das asociacións culturais máis antigas deste Concello e con máis repercusión fora del, fundada xa, fai máis de 30 anos, a cal leva con orgullo o nome de Barbadás por toda Galicia e gran parte de España e Portugal, con actuacións de programas televisivos e gravación de varios Cds. E por que debemos rehabilitar este



edificio? Existen infinidade de motivos ou razóns, e gustaríame enumerar e si é posible explicar algunha delas, dentro do pouco tempo que dispoño. Porque se trata dun edificio emblemático e histórico para o pobo e veciños de Sobrado, a antiga escola. Porque se atopa dentro dunha das poucas zonas de especial protección do patrimonio existentes no Concello. Porque como expliquei anteriormente trátase dun local social en uso pola coral polifónica e utilizada esporadicamente polos veciños, nas festas patronais, colexio electoral, etc. Por seguridade, porque tanto o deterioro do tellado, a fachada, os elementos exteriores, balaustres, portas, xanelas, etc, poden chegar a provocar desprendementos a causa do frío e da choiva e porque é posible o deterioro das vigas ou pilares, podan comprometer a seguridade das persoas que usan o local. Porque hai que adaptar o local aos novos tempos, tanto en accesibilidade como en benestar, evitando barreiras arquitectónicas no interior do local, accesos e aseos, equipando dunha iluminación e climatización adecuada ademais da conexión de novas tecnoloxías, aumentando o confort e benestar no interior do mesmo. Porque coa rehabilitación deste local aumentaremos o aforro enerxético reducindo drasticamente as facturas de luz e calefacción ademais evitaremos a contaminación acústica no exterior. Porque a rehabilitación deste local aumentaría a posibilidade de usos alternativos para os veciños de Sobrado, e porque se modernizan infraestruturas, fanse máis sostibles e embelecen a zona. Porque se invista en patrimonio, en tradición e costumes. Porque se invista en cultura e sobre todo porque se invista en xente. Por todo isto creemos tanto os compoñentes do Partido Popular de Barbadás como os veciños de Sobrado e de maneira especial eu mesma, que é necesaria e urxente a rehabilitación integral da escola de Sobrado do Bispo incluíndo nos novos orzamentos unha partida para realizar este proxecto, usando a viabilidade estrutural, eficiencia enerxética, a accesibilidade, o acceso as novas tecnoloxías e o benestar xeral dos veciños que o utilizan como principais factores a ter en conta na rehabilitación da mesma. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nós estamos totalmente de acordo coa exposición de motivos que fixo a compañeira do Partido Popular, que levarían a cabo esta rehabilitación da escola tan importante para os veciños de Sobrado. Sen embargo, estamos aquí no Concello para, como foi a anterior moción, para tamén ter previsión no gasto no que se inviste o diñeiro dos veciños. Xa digo, estamos totalmente de acordo na moción, pero simplemente habería que substituír un parágrafo onde di exemplo disto, a antiga escola de Sobrado do Bispo, exemplo disto, aparte da escola de Sobrado do Bispo, e a escola de Piñor, e a escola de Parada e a escola de Santa Uxía que son os pobos que teñen escolas antigas. Non é



por facer comparacións, pero xa digo, segundo foi a moción de antes para ter previsión no gasto, faríamos a mesma defensa por exemplo da escola de Piñor, xa non digo da de Parada porque realmente tampouco necesita ese uso. En Sobrado hai dous locais sociais, e hai un polideportivo, ou sexa, non un polideportivo pero unha cancha que está cuberta, en Piñor por exemplo, só hai un local social e non hai esa infraestrutura, entón por exemplo, Piñor é o dobre de veciños que Sobrado, o dobre. Entón estaríamos executando e gastando o diñeiro primeiramente nun pobo coa metade de veciños e con máis infraestruturas ca outro pobo. Xa digo estamos totalmente de acordo coa moción, pero vostedes cren, pero eu fágome unha pregunta, vostedes creen que sería normal aprobar este proxecto e non aprobar todos?. Pregunto. Entón, para nós a exposición de motivos está correcta, non así os acordos que aquí traen unha emenda de substitución á súa propia moción, que xa non ten obxecto porque o Plan Provincial xa se aprobou as obras que ían para o ano que ben, que era o dous muros de Barbadás. Nós o que pediríamos, si queren que aprobemos a moción, xa digo, unha emenda así en `voce` como se di, pois chegar un acordo, instar ao grupo de goberno, a iniciar os contactos coa Deputación Provincial para a firma dun convenio para financiar os proxectos de rehabilitación das escolas de Sobrado, Parada, Piñor e Santa Uxía. Sobre todo Santa Uxía, porque é na que nós, oia eu fago a exposición dos nosos motivos. Sobre todo a de Santa Uxía na que nós no pacto de investidura que firmamos co señor Alcalde temos un proxecto para ela que cremos nel, vamos. Entón, aprobar agora que se inclúan nos presupostos solo a escola de Sobrado, parécenos discriminatorio para outras zonas do Concello que cando menos, cando menos, terían que ter o mesmo privilexio. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Julia Jácome. Nada que dicir. señora Victoria Morenza?.

A sra. Morenza toma a palabra: Está claro que existe un interese real por parte deste goberno de mellorar a estrutura da antiga escola de Sobrado. Recoñecemos que é necesario acometer unha reforma global do edificio. Pero xa era necesario tamén de principios do século XXI ou incluso antes. Non é novidade que na antiga escola é precisa unha reforma, e tamén na antiga escola de Piñor, que está sendo usada agora mesmo, tamén, por un colectivo que non vai ser desprezado fronte a outro tipo de colectivos. É tan necesario reformar este edificio que xa en 2009 Xosé Carlos Valcárcel que agora é Alcalde, naquel momento era voceiro do grupo socialista, instou ao grupo de goberno presidido por Freire, o 8 de novembro de 2009, a levar a cabo un plan de actuación integral, reparar o chan, así o facía constar o voceiro do Partido Socialista naquel intre, vernizalo, substituír a cuberta, pintalo, etc, etc, etc. 8 de novembro de 2009. Tiveron vostedes tempo para metelo, incluílo en plans provinciais,



non sei si houbo un error, pero o Partido Popular presenta unha emenda á súa propia moción e cambia o sentido da moción, a súa Concelleira Miriam Prieto, non leu ese aspecto, non sei si vostedes van a comentar agora, porque si é unha emenda de substitución deberían habelo exposto vostedes anteriormente, no punto 6. En todo caso o Grupo de Goberno tamén presenta unha emenda de substitución ao punto número 1 que é, o Grupo de Goberno á moción do PP para iniciar os trámites que leven a sinatura dun convenio coa colaboración da Deputación para restaurar a antiga escola de Sobrado e a de Piñor. A emenda de substitución, substituiría ao punto número 1 do acordo que propón o Partido Popular, e sería instar á Deputación, evidentemente, a iniciar co Grupo de Goberno do Concello de Barbadás as negociacións pertinentes para elaborar un convenio de colaboración e afrontar a restauración e arranxo desta reforma, e arranxo destas dúas escolas, ámbalas dúas escolas, tendo en conta a importancia que teñen ámbolos dous edificios para ámbolos dous pobos e tendo en conta que están sendo utilizados por colectivos. Tendo en conta tamén que a Deputada de infraestruturas é Consuelo Vispo Seara e tamén está no goberno da Deputación. Sería unha colaboración de goberno a goberno. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Miriam.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Ramón Padrón está na súa quenda de palabra.

O sr. Padrón toma a palabra: Mira nós fomos por todo o Concello e no Fonsillón pedíronnos esa obra. Dixéronnos, preguntamos cal era a obra máis importante que necesitaban e dixéronnos que era esa. Nada máis. E iso foi o que fixemos para o que lle pedimos no pacto de investidura, o tema da auga de Loiro, apoiámolo, como pasou, fomos as reunións, en Sobrado fomos a varias reunións e non nos pediron absolutamente nada.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Miriam, por favor non interrompamos. Por favor. Por favor

O sr. Padrón toma a palabra: Eu estoulle relatando os feitos. Non nos pediron iso.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Miriam, reitero. Por favor

O sr. Padrón toma a palabra: Señora Miriam, Non nos pediron nada. Dixemos que nos dixeran algo que foi o que puxemos en todo ese documento que está, volvo repetir, está público, pedimos que nos dixeran cal era a necesidade mais grande do pobo e que afectara ao maior número de veciños e non nos dixeran ningunha. Por iso puxemos o que puxemos, e dixemos como firmamos un pacto de investidura co Partido Socialista, na que o concelleiro era de Sobrado supúñamos que ese concelleiro pois estaba máis ao tanto do que se necesitaba no seu pobo. Punto. Aí ten a explicación. Vale?



O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Miriam,

O sr. Padrón toma a palabra : Digo que ten a explicación si lle vale. Si non lle vale é a que hai, non hai outra. Si queren inventar outra pois búsqüena. Eu agora téñome que cinguir.

O sr. Alcalde toma a palabra:Sr. Ramón un momento. Miriam por favor, creo que as quendas de palabra están para ser respectados. Está vostede interrompendo sistematicamente. Unha interrupción puntual, ben, pero van catro. Por favor.

O sr. Padrón toma a palabra: En Bentraces sen embargo dixéronnos o que querían e así reflectimos. En Loiro tamén non nos dixeron nada, dixéronnos algo dos canastros, si dos canastros dixéronnos, e está posto no pacto de investidura, o dos canastros e o da auga. Está no pacto de investidura, o dos canastros e o da auga

O sr. Alcalde toma a palabra: Manuel, Manuel. Ramón un momento por favor. Este Pleno transcorreu con absoluta normalidade. Con unha normalidade mediana, non vaíamos ...Manuel, non vaíamos nos últimos minutos a converternos en hooligans. Manuel, Manuel...

O sr. Padrón toma a palabra: Mentira non, Manuel. Mentira non. Estou dicindo que nos pediron os canastros e o da auga e a solución ao problema da auga, ben! Estouno dicindo. Estouno dicindo, está aclarado. O dos canastros e o do abastecemento da auga. Está escrito no pacto de investidura. E no tema da auga creo que se chegou a unha solución para que todo o mundo

O sr. Alcalde toma a palabra: Manuel, Manuel. Iso poden vostedes debatelo. Ramón, primeira cuestión, a voceira neste caso é a señora Miriam, polo tanto e ela a que está na quenda de réplica que o cede si o ten a ben, máis xa fixo uso del. Pero é que si vostede coñece o procedemento creo que hai que cinguirse a el. Hai que cinguirse a el. Non.

O sr. Padrón toma a palabra: Non vou a entrar. Non me da tempo de acabar. Ben eu non quero entrar agora nese xogo. Está súper claro e eu expliqueino agora, claramente. Nada máis. Agora, cinguíndonos ao que é a moción en si, volvo recordarlle xa lle fixen a pregunta antes a compañeira do Partido Popular e non ma contestou. Agora mesmo estamos pedindo que se inclúan nos presupostos un diñeiro para restaurar ese determinado ben do Concello. Razoadamente, dixémolles que non nos parece razoable incluír soamente ese elemento, senón que ten as mesmas características xa digo, as mesmas, non vamos a dicir que teña máis importancia nin máis privilexio, pero estoulle poñendo o exemplo de Piñor e non é porque eu sexa de Piñor, que aparte son de Parada, non son de Piñor, ben, pero analizando Sobrado, e analizando Piñor, Piñor é un núcleo co dobre de poboación ca Sobrado, o dobre en número de habitantes, e ten un local social, e ten un polideportivo sen tapar e non ten dous,



ten un local social e unha escola vella como ten Sobrado, pero é que Sobrado ten dous locais sociais, unha escola vella e ten unha cancha cuberta.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

O sr. Padrón toma a palabra: Coa metade de poboación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, ten que rematar.

O sr. Padrón toma a palabra: Non me quero poñer en disputas, estamos explicando razoadamente. Entón non o vemos lóxico, veriámolo lóxico entón pedir unha cooperación coa Deputación, coa Deputación porque é unha inversión bastante grande, arranxar as escolas, xa remato, pediríamos unha cooperación coa Deputación para arranxar logo as escolas dos diferentes pobos que xa digo son Piñor, Parada, Santa Uxía e Sobrado, que son as que quedan, as que hai, as que existen.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa está. Por favor

O sr. Padrón toma a palabra: Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Julia. Señora Victoria.

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas. Penso que non se trata dunha discusión de si un pobo vale máis ca outro. Trátase de crear un equilibrio territorial que ata agora non había. Neste Concello non había equilibrio territorial e destinábanse 400.000 euros a un tramo de 300 metros, pretendíase destinar 400.000 euros a un tramo de 300 metros. Ese era o equilibrio territorial que plantexaba o Partido Popular, nós non. Pois o ano pasado o tan famoso camiño da Lucinda que tanto lles doeu que arranxáramos, vostedes tiveron reunións e eu seino, esta Concelleira que lles fala sábeo, tiveron reunións con veciños do Fonsillón, e a señora Consuelo Vispo plantexáronlle a rehabilitación deste camiño, porque estaba esbarronado e ía desaparecer. Os técnicos mesmo teñen asegurado e certificado que ese camiño estaba tendente a desaparición, e a vostede plantexáronllo e agora están moi enfadados porque se fixo unha obra, si porque mo teñen plantexado varios membros do seu partido, e vostedes mesmos o acaban de deixar claro que porque se fixo o camiño da Lucinda, e que xa resulta cansino, que tan preocupados estean por un camiño. Plantexóuselle ao Partido Popular, supoño que ao BNG tamén, e plantexóuselle ao Partido Socialista e a Compromiso por Barbadás, ese camiño da Lucinda do que tanto falan. E tamén se lle plantexou en 2009 cando a señora Miriam Prieto era Concelleira, que se arranxara desde a oposición, a antiga escola de Sobrado, e vostede xa era de concelleira e xa era de Sobrado, máis non deu ningún paso para proceder ao seu arranxo nin no incluíu nos plans provinciais de ningún ano desde o 2009, tivo tempo ata o 2015. Entón, é necesario reformar a antiga escola de Sobrado? é necesario, é necesario, eu creo na cultura democrática e nas quendas de



intervención, e utiliceino así aquí e noutros foros, entón sigo na miña quenda de palabra ata que o Alcalde non me diga que acabou o meu tempo. Entón é necesario reformar a antiga escola de Sobrado? Si, evidentemente é necesario. Este Grupo de Goberno ten intención de facelo, si evidentemente, pedímoslle axuda a señora Consuelo Vispo Seara porque a Deputada Provincial na provincia de Ourense, na Deputación Provincial de Ourense de infraestruturas e debería preocuparlle o seu Concello e pode buscar liñas de colaboración non só para ese proxecto senón para toda esta montaña de proxectos que temos aquí e para que xa temos pedido. Vostedes antes nomeaban Loiro, nomeaban Loiro, 211.000 euros, presentados na Deputación Provincial hai polo menos 8 meses, e aínda non recibimos resposta algunha. Entón non nos veñan dar leccións de nada, nin vostedes non fan isto nin fan o outro. Nós creemos no equilibrio territorial e nos proxectos que imos facendo paso a paso, porque creemos nun Barbadás equilibrado, e estou facendo uso da miña quenda de palabra ata o tempo máximo que me indique o Alcalde que teño para falar, evidentemente Sobrado para nós, para nós Sobrado é igual de importante que é Santa Uxía, igual, igual

O sr. Alcalde toma a palabra: Aínda ten uso de 9 segundos. Moitas grazas. Antes de nada xa houbo dúas intervencións, e hai dúas emendas, unha presentada polo Partido Compromiso por Barbadás, Grupo mixto, e outra presentada polo Grupo de Goberno. Vostedes teñen que decidir si aceptan estas emendas ou non. Posteriormente, acepten, si si, vai ter esa quenda dun minuto, por alusións. Aceptan as emendas tanto de Compromiso por Barbadás como polo Grupo de Goberno ou non as aceptan?. Moi ben. Está vostede agora no uso de un minuto.

A sra. Vispo toma a palabra: Si, si, chégame, señor Alcalde. Señora Victoria Morenza, lémbrolle que vostedes están no goberno, se queren que vostedes gobernen e que eu traballe, non hai ningún problema, ¿vale?. Pero eu, vamos a ver, eu traio unha moción, traemos o del Grupo Partido Popular, traemos unha moción, téñao claro. Vostede non lle pode pasar a pelota á señora Deputada de infraestruturas, faga vostede o traballo, presénteo á Deputación, pero presénteo, non traia agora para quedar ben e que eu lle diga aos veciños de Sobrado. Non, é que non quixo votar esta emenda. Non, señora Victoria Morenza. Señor Padrón, nós traemos esta moción coa escola de Sobrado, é un ben patrimonial, e as outras escolas traían vostedes, fagan o traballo, pero non llo pasen á Deputación, porque eu esta alí, señora Victoria Morenza, tamén estivo de deputada alí e tampouco presentou nada, nada para o Concello, que eu saiba nos catro anos que estivo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, rematou o seu tempo



A sra. Vispo toma a palabra: Pero estando en la oposición tamén puido presentalo, non le pase a pelota á Deputada de infraestruturas. Gracias

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben. Houbo un debate bastante acalorado e intenso aquí. En relación a este tema dicirlle, primeiro, en Sobrado, como dixeron algúns Concelleiros e Concelleiras, hai agora mesmo tres instalacións municipais, ademais, tres, tres, a do tanatorio, a do parque do Fidalguiño, máis a escola de música. A antiga escola. Vostede déixeme intervir e collerá o fío do que estou dicindo. O local social onde está o tanatorio, o local social no parque do Fidalguiño, máis a escola de música, ou antiga escola, son tres instalacións municipais, máis unha pista cuberta. Ben, ademais diso vaise investir agora unha obra na Vrigueira, ben, vaise investir diñeiro na reconstrución do muro do Fidalguiño, é unha resposta simplemente a súa intervención. En Loiro, en Loiro, os veciños levan un tempo sen pagar a auga. Sen pagar a auga. Estou intervindo eu señor Manuel, estou intervindo eu, señor Manuel e estáselle pagando a auga desde o Concello agora mesmo, o servizo de auga. Entón, son matices que hai que ter presentes, matices que hai que ter presentes. Dicir iso, nada máis. Votos a favor desta moción? Abstencións? Votos en contra?.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a favor de PP e Democracia Ourensana e os votos en contra de PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto o seguinte acordo: **“Moción do PP de Barbadás sobre a rehabilitación da antiga escola de Sobrado do Bispo”**

O sr. Alcalde toma a palabra: O Grupo Mixto, Compromiso por Barbadás, presenta unha moción de urxencia, que fai referencia á reclamación da limpeza inmediata dos viarios Reza, Santa Uxía, Piñor, Vista Hermosa e Barxa. O sr. Ramón ten a palabra que ten que xustificar a urxencia da moción. E despois someterase a votación e tomarase en consideración a moción. Ten a palabra. Sr. Ramón. Brevemente, ten que xustificar a urxencia.

O sr. Padrón toma a palabra: Xustificamos a urxencia da moción polo estado en que se encontran e sobre todo un dos viario que ten un tráfico moi importante de vehículos e estreiteza do mesmo, e os veciños están pedindo que se poden as árbores e para que se limpen as cunetas porque os coches arrímanse, ou sexa téñense que arrimar ao medio porque non se poden arrimar ás beiras e incluso a semana pasada xa houbo un accidente. Hai accidentes tódalas semanas, que no inverno hai choivas, e xeadas, hai saídas de vía e por iso está xustificada a moción porque seguen no mesmo estado e vai a pasar outro inverno e hai que tratar de melloralo e a primeira actuación é esa. Hai que pensar que é un viario que se fixo non pensando no tráfico que está soportando. Para poñer un exemplo, ese viario



soporta tranquilamente, tres veces máis o tráfico que soporta o viario que pasa aquí por diante do Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

A sra. Secretaria toma a palabra: A efectos de constancia en acta reitérase a opinión desta Secretaría, a opinión xurídica evidentemente, sobre de que a urxencia debe ter un carácter obxectivo motivado e debe vir acompañado dunha circunstancia excepcional e ao mesmo tempo sobrevida. Por outra parte, procédese á votación e para a inclusión de asuntos na orde do día por urxencia, é necesario a adopción mediante maioría absoluta, o cal implica a metade máis un do número legal de membros desta Corporación, co cal serían necesarios 10 votos xa que os redondeos se realizan por arriba. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: E non é necesario unha consulta? Non é necesario a maioría absoluta dos presentes?

O sra. Secretaria toma a palabra: Do número legal de membros. A maioría absoluta é do número legal de membros. A maioría absoluta é a metade máis un. Non, oito por dous, dezaseis. Somos dezasete, polo tanto sería oito e medio máis un sería nove e medio. A lei di que os redondeos fanse por arriba, fan falta dez votos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor?

Sen máis sométese a votación da urxencia da inclusión na orde do día da moción presentada polo grupo mixto quedando rexeitada por nove votos: **“Rexeitamento da inclusión por urxencia da Moción do Grupo Mixto para reclamar a limpeza inmediata dos viais Reza-Sta. Uxía-Piñor e Vistahermosa-Barxa”**

PARTE DE CONTROL

12- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

13- ROGOS E PREGUNTAS

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao seguinte punto da Orde do Día, que é rogos e preguntas. Empezamos por rogos. Ramón. Indicarlle que pode incluír isto como rogo.

O sr. Padrón toma a palabra: Xa me supoño que a Concelleira responsable do departamento xa é consciente do motivo e creo que entende as exposición que fixen hai un pouco porque creo que baixa



por alí tódolos días e coñece o viario como outras persoas que o mellor non o coñecen. Simplemente nos rogos, como houbo fai poucos días uns roubos nas instalación de Os Carrís, pediríamolle ao goberno que intentara colocar algún método de seguridade disuasorio máis que nada, para que non pase o que está pasando noutros sitios que están entrando en repetidas ocasións e en oleadas, ou sexa no tempo. O mellor veñen dúas ou tres veces nunha semana, logo mellor tardan un mes sin vir, e logo volven a vir, entón que si se está contemplando esa medida, porque a día de hoxe pola constancia que temos nós non hai nada sobre ese tema. Saber tamén, a ver en que estado está o tema do orzamento, para que non pase o que pasou o ano pasado, se presente en tempo e forma aos grupos da oposición contando que o goberno está en minoría.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Julia Jácome. Nada? Por favor.

A sra. Vispo toma a palabra: Se presentaron hoxe á mañá todas a través de correo electrónico de todas maneiras teño un rogo, vounas ler todas as preguntas, pero teño un rogo á señora Victoria Morenza e creo que ante todo, se quere facelo agora ou quere facelo por escrito, no próximo Pleno. Os daltónicos, son unhas persoas que teñen un problema físico que no poden distinguir as cores. En mi familia, neste caso, o meu marido é daltónico, e pídlle un pouco de respecto ás persoas cando vostede utilice ese termo de daltónicos, porque si teñen unha deficiencia nas cores, porque si que o vou a pedir respecto, porque tenden a utilizar así, no sei, as enfermidades con alegría. ¡Non! Non porque si quere lle leo un whatsapp do meu marido que me acaba de mandar agora. Entón eu creo que a todos, ou sexa non é personalizalo, pero si neste caso eu creo que debe pedir desculpas a todos os daltónicos do Concello, e saiba distinguir vostede entre o vermello e o granate.

A sra. Morenza toma a palabra: Pedir desculpas pero que saiba vostede que o nome técnico é burdeos, e envíolle unha factura para que o comprobe.

A sra. Vispo toma a palabra: Iso non ten nada que ver cos daltónicos. Pídlle vostede desculpas.

A sra. Morenza toma a palabra: Quero dicir que o que quixen dicir que a cor que se usa non é o vermella, que é

A sra. Vispo toma a palabra: Pero vostede fixo fincapé. Non vamos a entrar en debate. Vostede fixo fincapé nas persoas que teñen daltonismo, as persoas que teñen daltonismo

A sra. Morenza toma a palabra: Pido desculpas se alguén se puido sentir ofendido.

A sra. Vispo toma a palabra: Dixen que tiñan un defecto físico de visualización, non é enfermidade, eu non dixen que fora enfermidade, dixen que tiñan un defecto de visualización das cores



O sr. Alcalde toma a palabra: Si Victoria pide desculpas están presentadas. O debate seguinte, o debate sucesivo non procede.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a ver. Solicitamos por escrito a cuestións que se sinalan a continuación en documentación relativa coa contratación do servizo de limpeza dos edificios municipais. Estrato da conta do banco de Sabadell número tal, ao nome do Concello de Barbadás, dende o 1 de febreiro de 2016 ata a data que se solicite ao banco. Copia das facturas dos mes de outubro de 2016. Non sé se saben todos que as facturas do mes de setembro suman máis de 18.000 euros que segundo o Grupo de Goberno contestou é un contrato menor, non é así. Copia das facturas do mes de setembro coa data e rexistro da entrada no Concello e caixetín de crédito e da aprobación do decreto que ata o mes de setembro non o teñen. Iso é moi grave. No informe de intervención do mes de setembro indícase que só se repararon as facturas do colexio, segundo a remesa do mes de setembro nº 85, as facturas suman 19.177 sen IVA, deste xeito entendemos que non se trata dun contrato menor. En base a esta información, podería o señor Alcalde levantar ese reparo? Solicitamos se nos responda mediante o informe da interventora. As seguintes cuestións e preguntas que facemos é: Copia do contrato do Concello de Barbadás coa empresa encargada de elaboración da RPT. Copia das facturas das empresas que realizaron o mural do Museo da Música, segundo información que nos facilitou o Concelleiro de Facenda sobre a confección de nóminas e recadación, solicitamos informes sobre os programas informáticos que se van a mercar, que servizos cubrirán e que modificacións van a realizar para dispoñer dos cartos que cubran ese custo. Con data 3 de outubro de 2016 solicitamos un informe de intervención ou secretaría en relación a baixada dos valores catastrais, estamos a espera do devandito informe, xa que o que se nos achegou foi realizado pola Tesoureira e non resposta o solicitado. Solicitamos informe de secretaría sobre a legalidade no cambio no nome, e sinalización e indicacións da Casa da Xuventude, mudouse hai pouco tempo polo de Espazo Infantil, cunha sinalización, banderolas, na que se advirten as estrelas vermellas independentistas simulando a unhas ás. A Casa da Xuventude recibe subvencións por ser o punto de información coa xuventude OMIX, e por realizar actividades con nenos maiores de 12 anos, como o Samaín e actividades programadas para esas idades ao longo do ano. Segundo nos consta, o Concelleiro de Xuventude, trata de que desapareza como tal, e quede como espazo infantil, polo tanto non entendemos o cambio de nome e que aparezan símbolos partidistas nun espazo infantil, e tomaremos as medidas necesarias para que isto cambie.



O sr. Alcalde toma a palabra: Un inciso. A señora Secretaria quere tomar a palabra.

A sra. Secretaria toma a palabra: Respecto ao informe dos valores catastrais, é un tema puramente económico. Imaxino que se referirá ao informe sobre as consecuencias, non?

A sra. Vispo toma a palabra: Non. A ver. Nós o que non sabíamos si pertencía a Intervención ou a Secretaría. Entón por iso puxemos as dúas figuras

A sra. Secretaria toma a palabra: É un informe económico.

A sra. Vispo toma a palabra: Pois a Intervención.

A sra. Secretaria toma a palabra: Pertence a Intervención.

A sra. Vispo toma a palabra: A ver, puxémolo así de feito a primeira pregunta cando se presentou, foi porque no sabíamos a figura que o ía a desenvolver, entón o puxemos por ese motivo.

A sra. Secretaria toma a palabra: Vale, vale, era para aclarar. Se refiren ao carácter económico, ¿non?

A sra. Vispo toma a palabra: Si, si.

A sra. Secretaria toma a palabra: Vale pois xa está.

A sra. Vispo toma a palabra: Seguimos. ¿Cando van a cambiar o cestiño do bambán de Sobrado? Señora Victoria Morenza, vostede lle dixo a varias nais que en xaneiro se cambiaría segundo se tivera presuposto, segue sen cambiar. O espello do cruce de Sobrado do Rodeiro, está roto e non se ve. A marquesiña é a terceira vez que se pide da ponte debaixo da autovía onde está o Parque dos cans, aí había unha marquesiña que se quitou cando se fixo esa obra. Entón, se ha pedido tres veces, entón a xente solicita que se devolva ao seu sitio. ¿Quen vai coidar señor Sarín, perdón.? ¿Quen vai coidar aos nenos o mércores o día 9 do 11 de 2016 na gardería? Vostede? Un rogo. Vamos a pedir un informe legal dos técnicos de servizos sociais sobre a legalidade do Protocolo de Violencia de xénero. Isto escribímolo fai dous minutos tamén me engado ao señor Padrón, en que no campo de fútbol, como entraron a roubar, pois non sei se saben que xa colleron ás persoas en concreto que se devolveu toda a mercancía, pero o que pedimos porque se estaba estipulado anteriormente, era que se poñan unhas cámaras de seguridade e nolo pediron así as persoas que neste momento teñen o bar, para que non volva a suceder. ¿De acordo? E agora lle paso a palabra ao meu compañeiro Manuel.

O sr. Fernández toma a palabra: Máis preguntas que trasladamos vía correo electrónico esta mañá e paso a lelas de forma rápida para non alongarnos. No Grupo do Partido Popular de Barbadás estamos a recibir numerosas queixas sobre a xestión, organización e desenvolvemento do servizo de Axuda no Fogar. Por iso as preguntas van dirixidas á Concellería de Servizos Sociais. Traballadoras que prestan



o servizo nos domicilios, usuarias, e mesmo equipo técnico, amosáronnos a súa inquietude polo desaxeitado funcionamento do mesmo. Sabemos que Equipo de Goberno especialmente os responsables da Concellería competente teñen coñecemento desta situación dende hai tempo, pero os problemas continúan e non se lles deu unha resposta que mellore a situación. Entendemos que un servizo tan importante e con tanta repercusión para a nosa poboación non pode permanecer por máis tempo na actual situación. Por todo isto solicitamos resposta por escrito as seguintes cuestións: Como se xestiona o servizo dende a solicitude ata a concesión, posterior desenvolvemento e seguimento. Como se realiza o traslado dos expedientes que o requiren entre as oficinas municipais de A Valenzá e a Casa do Concello. Quen é o responsable ou responsables de realizar o traslado deses expedientes cando a persoa responsable do traslado non o puido facer, quen o realizou. Si dispón o Concello de algunha aplicación informática para a xestión do servizo e si se está a utilizar a mesma, si están unificados os diferentes programas e as aplicacións informáticas do Concello con outras administracións. Cal é o protocolo de seguridade que se aplica no trato dos usuarios dos servizos coas traballadoras sociais no caso de que se requira. Segundo o protocolo establecido se reúne o Concello os requisitos formais de seguridade. Como está distribuído o servizo no tocante á zonificación. Existe coordinación técnica dos servizos sociais? Como se realiza o cambio de servizo no domicilio, o cambio de auxiliar ou das tarefas que se lle asignan aos usuarios, e na realización polos cambios? Si existen informes pendentes de tramitación ou resolución ou incluso os vinculados con outras administracións? Si se están a cumprir os horarios tanto polos usuarios como polas traballadoras? Si se prevé unha ampliación no servizo no tocante aos horarios, xornada de tarde, de fins de semana? Si está previsto un aumento de persoal polo incremento do servizo? Como se atopa a lista de agarda? Si o baremo actual que establece a ordenanza é axeitado para esta lista da agarda? Si se está a actualizar trimestralmente a mesma? Si están a cadrar as contas e a situación económica das subvencións doutras administracións cos ingresos do Concello polo servizo? Si existen problemas no outorgamento do período vacacional que as traballadoras pretenden? Antes de existir a bolsa de contratación para substituír as asistentas domiciliarias contratouse os servizos dunha empresa para substituír a estas traballadoras. Esa empresa posúe a condición de entidade prestadora ou posúíaa naquel momento a condición de entidade prestadora deste tipo de servizos? Despois do incremento horario que sufriron as traballadoras do SAF pouco despois do cambio de goberno, incrementáronse tamén as súas retribucións? Si as traballadoras dispoñen do correspondente descanso durante o tempo de traballo diario e si se está a facer efectivo? Si se lles entrega ás traballadoras un informe sobre os servizos que



teñen que prestar cando se lle asigna un domicilio ou un usuario? Si se lles entrega a eses usuarios un informe similar coas tarefas que lle foron concedidas? Si quedan cubertas as auxiliares nos seus desprazamentos con vehículos en horario de traballo e nos traslados dun domicilio a outro? E saben que actualmente se están a cambiar as prescricións nos diferentes tratamentos no tema de servizos e asistencia domiciliaria, e nos materiais que se utilizan nos mesmos. Estánselle ofrecendo as usuarias do SAF a correspondente reciclaxe para o correcto desenvolvemento do seu traballo e si se está a facer efectiva esta reciclaxe? Nada máis. Moitas grazas.

A sra. Vispo toma a palabra: Os últimos xa. Estes creo que vamos a ver, hoxe tivemos coñecemento de algo que realmente asustouno, vamos a dicir a palabra. Vamos a plantexar, esta non está nas de hoxe á mañá. Entendemos que querían baixarlle os soldos a persoas, a técnicos e empregados deste Concello que tiñan un soldo elevado e poñerllo a outros empregados do Concello que están cobrando menos como é axuda en domicilio. Ou sexa, se isto é certo, vai en pregunta. Non Silvia, a min non me da a risa. Isto no é legal, pero, e un rogo, ou sexa, queremos saber se isto é certo, porque non é que foi unha persoa sola, senón que nolo comentaron varias persoas, e un rogo, para o señor Alcalde, colla as rendas do Concello, colla as rendas do Concello que se lle está indo das mans ao Partido Socialista.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas polo seu consello. Moitas grazas.

A sra. Vispo toma a palabra: É un rogo, é un rogo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Interveña vostede primeiro e despois interveño nun momento. Moi breve, moi breve.

A sra. Secretaria toma a palabra: Simplemente a modo de aclaración ese plantexamento que eu tamén escoitei ese rumor. Aos técnicos principais deste Concello que son a Secretaría Xeral e a Intervención cáusanos un ataque de risa inmenso, por iso sorría porque realmente iso é absolutamente ilegal. É dicir, o único procedemento, é dicir, sexa cal sexa a orixe dese rumor que eu o descoñezo, ese plantexamento sería chegado o momento evidentemente tería que pasar polos órganos de fiscalización xurídica e económica e é absolutamente imposible, tendo en conta que a única maneira de alterar o complemento específico, neste caso, que é o único que se podería alterar, de técnicos ou de administrativos, ou de auxiliares, que o teñan asignado diferente por razóns da súa responsabilidade, sería mediante unha forma, mediante unha relación de postos de traballo xustificando o motivo, punto número un, e probándoo, non só xustificándoo en papel, probándoo. En segundo lugar, o que se tería que facer é a aplicación dun complemento persoal transitorio que o único que consistiría é na



CONCELLO DE BARBADÁS

conxelación das subidas de IPC. En terceiro lugar, require unha aprobación sindical. En cuarto lugar, cabe a posibilidade de acudir a un contencioso, que por suposto os traballadores acudirían a contenciosos porque estando plenamente de acordo desde o punto de vista sindical ata onde eu teño entendido e como é lóxico, no que se benefician determinados compañeiros que se atopan desfavorecidos, iso nunca se pode facer a costa da baixada de outros. É dicir, polo tanto, ese rumor salga de onde salga, quero sinalar que tanto a Interventora como a min causounos hilaridad.

A sr. Alcalde toma la palabra: Á señora Chelo para rematar, son moi breve. Darlle as grazas polo seu consello. Moitas grazas. O que lle gustaría é a vostede, o que gustaría a vostede é tomar as rendas vostede mesma. Si, vale. Agradézolle de novo o consello. Segunda cuestión, lembrarlle ou refrescarlle a memoria no sentido de dicir que non houbo nunca ningunha marquesiña na parada de autobuses ao carón do parque de cans, porque esa parada de autobuses é de nova creación, e eu vivo alí. Non houbo nunca ningunha marquesiña. Non, e que esa marquesiña non a houbo nunca e esa parada tampouco. A posterior, exactamente. Outra cousa é que a pidan nova. Facerlle esa aclaración. Finaliza o Pleno

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 22:10 no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

A SECRETARIA XERAL

O ALCALDE